

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2014

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e sete de outubro de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz (que se incorpora ás 20:15 horas), don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

Moción declarativa sobre a necesidade de instar á Dirección Xeral do Catastro, para que proceda á anulación do proceso de revisión de valores catastrais en Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 0/8385 o día 10 de outubro de 2014, xunto coa petición de convocatoria de pleno extraordinario. Consta a sinatura dos voceiros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, UxC, EU e BNG e consta do seguinte teor literal:

“A partir dos últimos días de agosto os veciños de Cambre, propietarios de terreos, vivendas ou pisos veñen recibindo notificacións da Xerencia Territorial do Catastro de Galicia na que se lles invita a descargar de internet un documento no que se lle comunican as novas valoracións catastrais dos seus bens inmobles.

Estas notificacións comunican a subida dos valores catastrais nunhas contías que, en moitos casos, duplican ou, incluso, triplican as vixentes ata a data.

Resulta evidente o grave prexuízo que estas novas valoracións van causar ás economías das familias de Cambre, xa de por si moi afectadas pola grave crise económica e social que estamos a padecer, como consecuencia das medidas de axuste económico levadas a cabo polo Goberno central e a propia Xunta de Galicia

(redución de salarios e pensións, suba de produtos básicos como medicinas, enerxía, combustibles, e aos recortes no sistema social de protección ás persoas, etc.).

Este proceso de revisión dos valores foi levado a cabo polo Catastro coa connivencia e activa colaboración do Goberno municipal que, sen informar aos grupos municipais da Corporación, nin ao tecido asociativo local ou aos veciños en xeral, facilitou que o Catastro aprobara unha ponencia de valores que estableceu uns criterios valorativos desproporcionados, inxustos e inxustificados, que só reflicten unha vontade recadatoria.

Reiterando a gravidade da situación, manifestamos que non consta aos grupos que asinan esta moción que se teña feito un estudo ou informe técnico sobre a pertinencia das medidas valorativas postas en marcha, nin que os técnicos municipais teñan estudado e informado a pertinencia nin legalidade do documento clave neste proceso, a ponencia de valores.

Estas novas valoracións implicarán a curto, medio e longo prazo un incremento nas cotas a satisfacer por diferentes impostos locais e estatais. Isto supón, ademais da subida do IBI, impostos como: sucesións, doazóns, plusvalía, IRPF, Patrimonio e tamén provocar, que en moitos casos, os nosos fillos/as se queden sen bolsa para poder realizar os seus estudos.

A maiores entendemos que non resulta este o momento máis axeitado para levar a cabo unhas medidas como as sinaladas, toda vez que se está a elaborar o novo plan xeral de ordenación municipal que establecerá unha ordenación integral do territorio municipal, clasificando urbanisticamente o solo e establecendo, entre outras cousas, o réxime que lle resultará de aplicación.

Por todo o anterior, os grupos municipais asinantes presentan ante o Pleno a seguinte proposta de acordos:

Primeiro: Instar á Dirección Xeral do Catastro, dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, co fin de que se realicen os trámites oportunos para anular a ponencia de valores aprobada para revisar os valores catastrais do Concello de Cambre, a partires do ano 2015, deixando sen efectos as valoracións xa efectuadas.

Segundo: Suspende calquera valoración a realizar con base na citada ponencia, mantendo os valores catastrais vixentes e os criterios valorativos aplicados ata o momento.”

Cando son as vinte horas e quince minutos incorpórase á sesión dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que o grupo popular presentou unha emenda á totalidade e vanlle dar lectura.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, solicita unha cuestión de orde respecto desa emenda. Piden o coñecemento da Sra. secretaria respecto da emenda, porque necesitan saber se o que van votar por unha

parte é legal ou non é legal e, por outra parte, se procede a súa inclusión como asunto na orde do día deste pleno ou non. O Sr. alcalde dixo hai un momento que se vai tratar como asunto único a moción, e agora trae outro asunto, que é unha emenda a esa moción.

Dende o seu punto de vista o contido da emenda non garda coherencia coa motivación e cos acordos propostos na moción que sustenta a petición deste pleno extraordinario. Queren, demandan e pregúntanlle á Sra. secretaria se pode emendarse á totalidade o contido dunha moción cunha emenda cuxo argumentario non garda relación directa co obxecto e proposta de acordos desa moción. Consideran que con esa artimaña o PP pretende distorsionar a moción, intentando colarlles na orde do día do pleno un asunto que nada ten que ver coa convocatoria.

A moción, lémbrale ao Sr. alcalde, tal como acaba de dar lectura o voceiro socialista, fai referencia exclusivamente á ponencia de valores. A emenda fai exclusivamente referencia ao IBI. Por iso, gustaríalle que a Sra. secretaria os ilustrase se é tan amable.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que se a oposición non a quere tratar e non a quere votar, non obstante, o Goberno pode lela, aínda que non se trate, porque el quere que esa emenda conste en acta. El dirixe este pleno e quere que a emenda conste en acta. Polo tanto, se eles non a queren tratar na discusión, parécelle ben, pero a emenda ten sido presentada en tempo e forma e aínda que non se vote, pódese ler, para que conste. Non sabe se eles teñen algún inconveniente niso.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas pregunta se o Sr. alcalde lle está dicindo que vai facer unicamente unha exposición, unha lectura, pero que non vai someter á consideración do pleno tal emenda. Pregunta se é iso o que pretende dicirlles.

O Sr. alcalde manifesta que se eles a queren considerar unha vez lida, a consideran, e sen non a queren considerar, non a consideran. Simplemente o que queren é que esa cuestión quede reflectida na acta.

Don Jesús Bao Bouzas manifesta que el pediu o coñecemento da Sra. secretaria e non sabe se ten a ben facelo.

Concedida a palabra á secretaria municipal explica que en realidade están ante unha moción non resolutiva, que está regulada no Regulamento orgánico municipal dentro do Título IV, que é o funcionamento dos órganos de goberno, Capítulo Primeiro funcionamento do pleno, e Sección 4ª referida ao control e a fiscalización polo Pleno da actuación dos demais órganos de goberno. Trátase dun control e fiscalización.

Está definida no artigo 125 como unha proposta para que o Pleno formule unha declaración ou manifieste a súa posición política en relación cun tema de interese municipal ou xeral. O dito artigo 125 establece claramente a forma de proceder á hora de tratar estas mocións, no sentido de que, unha vez que o Pleno teña manifestado a súa posición, se a trata ou non, pásase ao debate, cinco minutos por cada voceiro dos

grupos políticos e sométese a votación. Di que, loxicamente, aí non vai a inclusión de ningunha emenda.

Continúa explicando que, entón, segundo ese artigo 125 non procedería a inclusión dunha emenda. Agora ben, tamén é certo que por parte dela, ao longo da vixencia do Regulamento orgánico municipal e incluso a partir da reforma que se fixo o ano pasado, tamén viu que non se cumpre polos distintos grupos municipais, non soamente polo PSOE, o PP ou EU. Non se cumpre ao pé da letra co Regulamento orgánico municipal. Por exemplo, as mocións declarativas non se adoitan presentar con oito días hábiles antes da celebración do pleno, e incluso hai mocións que se tratan como declarativas, pero que non son tales mocións declarativas, porque claramente esas mocións se definen no regulamento como unha manifestación de tipo político e, en cambio, hai mocións nas que non piden directamente dun membro do equipo de goberno que leve a cabo unha actuación, pero si piden unha actuación determinada e está claro que é dalgún membro do goberno, e iso claramente é un rogo, ou piden que se emita informe por técnicos municipais.

Intervén don Jesús Bao Bouzas para dicirlle que, se lle permite, a el bástalle con un si ou non, é dicir, está de acordo con todo o que ela di, pero o que el lle pregunta é que aquí hai unha emenda cuxa natureza nada ten que ver co obxecto e cos acordos da moción, non ten nada que ver, e dalgunha maneira a emenda pretende tombar a moción. El o que lle pregunta é se iso é legal, se pode ser así.

A Sra. secretaria da Corporación contesta que xa está dicindo que en realidade non procede a emenda. No artigo 125 non a inclúe, agora ben, ante o que se ve no tratamento do Regulamento orgánico municipal, pois ben, cre que é a Corporación a que debe decidir.

Don Jesús Bao Bouzas engade que lle pareceu deducir das súas palabras que requiren neste caso para que se inclúa, incluía e lela, require a ratificación desa inclusión polo Pleno.

A Sra. secretaria responde que ela xa está dicindo que co artigo 125 non procede a emenda, e non di máis.

Toma a palabra o Sr. alcalde para preguntarlle á Corporación cal é o motivo de que eles, aínda que non se trate nin se vote, estean en contra de que lean unha emenda. Pregunta cal é o motivo.

Don Jesús Bao Bouzas contesta que o motivo non é ese. Dille que a emenda é a consecuencia de ter presentado esta moción.

O Sr. alcalde dille que non.

Don Jesús Bao Bouzas reitera que por suposto que si.

O Sr. alcalde dille que non, pero que a oposición lle nega ese dereito ao grupo de goberno, e non entende por que teñen tanto medo.

Don Jesús Bao Bouzas pídelle que non faga vitimismo.

O Sr. alcalde dille que non fai vitimismo, que el está no seu dereito de lela e que conste en acta, aínda que non se trate nin se vote.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, en atención á indicación da secretaria, e sen ningún tipo de predisposición a que o Sr. alcalde non lea o que teña a ben, proponlle ao Sr. alcalde que na súa quenda de palabra, a do grupo popular, dea lectura á moción que queira ou a un capítulo dos santos evanxeos, só faltaría.

O Sr. alcalde dille que están na súa quenda de palabra.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille que vale, pero que dentro da quenda de palabra non constará como moción, porque non procede.

O Sr. alcalde manifesta que exactamente, que non constará como moción.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, dá as boas tardes a todos os presentes e manifesta que é sempre un alivio e un agradecemento que os veciños se preocupen polos temas municipais, e non pode facer outra cousa máis que agradecerlles a súa presenza aquí.

Toma a palabra o Sr. alcalde para rogar silencio.

Don Felipe Andreu Barallobre reitera que, en todo caso, el insiste no agradecemento. Continúa dicindo que o seu grupo presentou unha emenda á moción un pouco en base ao debate que se ten suscitado nas últimas semanas no Concello de Cambre, onde determinados partidos téñenlle dito aos veciños, de forma bastante torticeira, senón dicir falsa, que o IBI subirá nos vindeiros anos. Di que eles, para aclarar esa cuestión, presentaron a emenda. Esa emenda o que faría, e así o dirán os informes, sería destapar esas cousas que están dicindo, pero todo ao seu tempo, porque ao final os recibos chegarán a casa dos veciños e eles saberán quen dicía a verdade e quen mentía.

En todo caso, di que o PP presentou unha moción para dicir que o grupo municipal do PP de Cambre non podía amosar a súa conformidade coa proposta de acordos presentada neste punto por entender que son contrarios a Dereito. É por ese motivo polo que propoñían que a dita moción quedara redactada cos seguintes acordos:

“Primeiro: As forzas políticas, representadas no pleno da Corporación do Concello de Cambre, amosan o seu compromiso de adoptar cantos acordos sexan necesarios co fin de rebaixar de forma progresiva o tipo impositivo do imposto de bens inmobles do Concello de Cambre durante os vindeiros anos. Todo iso seguindo as directrices da Intervención municipal en canto á estabilidade financeira do concello en cada exercicio e co obxectivo de que non se produza unha subida xeneralizada da recadación por este concepto.

Segundo: Instar ao alcalde a que dite un bando no que se publiquen os presentes acordos para coñecemento xeral da cidadanía.”

Conclúe dicindo que isto foi presentado o venres polo Rexistro municipal.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que unha vez lida a emenda ...

Intervén don Daniel Carballada Rodríguez para sinalar que a emenda non, que era a quenda de palabra do Partido Popular.

O Sr. alcalde dille que de acordo, que non hai ningún problema.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille que é un trilero.

O Sr. alcalde manifesta que lle dá a palabra ao seguinte voceiro.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que el cre que o PP é o grupo que ten que dicir algo respecto da moción que presentan aquí, polo tanto, el cre que teñen que ser eles os primeiros en falar da moción. Dilles que está moi ben iso de confundir á xente, pero chamalos parvos chamando mentireiros aos veciños de Cambre, pois iso xa non coa.

Falar diso que traen aquí como unha emenda é como falar de fútbol e de pesca, que non teñen nada que ver aínda sendo deportes. Aquí veñen falar da revisión catastral, xa falarán do IBI, xa tocará, de feito esta mañá teñen presentado unha moción que logo explicarán, para falar do imposto do IBI, pero hoxe veñen falar da revisión catastral, e el primeiro quere saber que opina o Goberno da moción.

Continúa dicindo que está claro o que opina UxC, o que opina o PSdeG-PSOE, o que opina EU e o que opina o BNG, que por iso asinaron esta moción. O que queren saber agora, e que lle expliquen aos veciños, é que opina o Goberno respecto desa moción. Xa terán eles logo a quenda de palabra que lles corresponde.

Toma a palabra o Sr. alcalde quen agradece as palabras do Sr. García e agradécellelo tamén ao resto de grupos que, polo que ve, prefiren que interveña el, cousa que ía facer.

El quere explicarlle algo aos veciños, que ao fin e ao cabo son os que están aquí e aos cales este alcalde e este grupo de goberno se debe, non a outro mester.

Intervén dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, para preguntar se a quenda de intervencións xa finalizou, porque non entendeu moi ben isto.

O Sr. alcalde responde que non, que se eles queren intervir antes de que o faga el, el non ten ningún problema.

Dona M^a Olga Santos López pregunta se estarían na quenda de intervencións respecto da moción, porque ela quería falar do tema da emenda.

Algúns dos concelleiros presentes indican que a emenda non se vai tratar.

Dona M^a Olga Santos López sinala que se trata dun comentario, igual que os que xa fixeron.

O Sr. alcalde manifesta que se a queren tratar que a tratan conxuntamente coa emenda.

Dona M^a Olga Santos López dille que non, que se fixo unha primeira rolda de intervencións, o PP leu a emenda, contestou o Sr. García Patiño, e ela cre que agora eles poden pedir a palabra e despois seguir.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que respecto da emenda, dende EU si que cren que hai que facer algunha aclaración á manobra que presentaron aquí, e non quere deixar pasar por alto a gravidade dese tema.

Di que non vai perder nin un só minuto en explicarllo ao Sr. Andreu, vaise dirixir, como vén facendo ultimamente, directamente ao Sr. Rivas. Dille que non lle vai explicar por que ignoran a emenda, si lle vai dicir que os grupos da oposición están demostrando que non son servos dunha estratexia torpe, e de verdade que lle di que moi burda, a presentación dunha emenda que sacaron da manga, para intentar que non se levara adiante a moción.

De entrada, como dicía o compañeiro do Partido Socialista, esta emenda tería lugar se a proposta que trouxeran falara do mesmo asunto ou o corrixira. Pero nada ten que ver a proposta dos grupos co tema do IBI, de xeito que esa dubidosa emenda que vai cualificar e definir como emenda mediática e preelectoralista, é tan ridícula que non merece nin mención.

En segundo lugar, detrás do texto que presentan os grupos están a maioría dos veciños de Cambre, e que o Goberno presente esa emenda é unha auténtica falta de respecto a eles. Como pouco, xa di que detrás do texto da moción están a maioría dos veciños de Cambre, moitos deles votantes do PP, que están conformes coas iniciativas que traen aquí. Pídelle por favor que non desprezen aos veciños con esa emenda. Esa emenda que trouxeron é un desprezo. Os asinantes deste texto, todos os que asinaron, son os representantes lexitimamente elixidos pola inmensa maioría da cidadanía, e tamén é certo que o Sr. alcalde non é tan importante, se non os respecta, eles son capaces de facerse valer.

Continúa dicindo que decidiron non tocar o tema que propón o Sr. Rivas porque xa está ben, xa están fartos das súas manipulacións, e agora os tempos van marcalos eles, van debater a súa moción, van comezar polo principio, van intentar solucionar a metida de pata do alcalde coa ponencia de valores que fai que os veciños teñan que pagar máis impostos.

Sinala que esa ponencia de valores fai que perdan moito diñeiro. O Sr. alcalde gaña diñeiro a esgalla entre o concello, a deputación, as súas empresas e o que lle colga, pero para a inmensa maioría dos veciños 50 euros supón a compra de toda a semana.

Non queren saber nada desta emenda porque, como dicía o compañeiro de UxC, esta mañá xa presentaron o que debería ter feito o Sr. alcalde hai moito tempo. Resulta que unha vez máis os grupos da oposición fan o traballo e el cobra. Esta mañá presentaron unha moción para remediar e para intentar solucionar iso que el fixo ás agachadas, que é o peor de todo, escondido debaixo da súa mesa, dicindo “tranquilo Diego, tranquilo, que si que presento a ponencia de valores, e aquí non se decata ninguén. Báixolle o IBI aos veciños e véndoo como unha supermedida e de aquí ao ano que vén teño as eleccións gañadas.”. Dille que as cousas non se fan así, as cousas fanse con limpeza, con transparencia e non presentando unha emenda e dicindo tranquilos que voules baixar o IBI de forma proporcional, sen informes, sen estudos.

En conclusión, di que canto toca o Sr. Rivas podrece, e ás veces ela pensa, e iso dillo ela persoalmente, que ou é un pouco gafe ou é masoca. Dille que mira que levan tempo dicíndolle que conte con eles, que fale con eles, que fale cos grupos da oposición, que están aquí para axudar, que están intentando que todos os veciños gañen, que non perdan. Pero el empéñase en ir por libre e así lle vai, o que a leva a pensar que poida sacar algo de todo isto, porque senón non lle atopa explicación a buscar a ruína dos veciños.

Respecto da emenda, e como último punto que quere tocar, dicía o Sr. alcalde na prensa, que a prensa lle encanta, por certo, aínda que tampouco é un delito, que quería que se mollasen. Dille que non, que se molle el, que eles xa están mollados. Xa están mollados porque primeiro queren que se anule a ponencia de valores, por iso traen este texto e, segundo, queren revisar todas as ordenanzas fiscais afectadas pola súa revisión.

Conclúe pedíndolle que agora se pronuncie el, porque nunca contesta nos plenos. Agarda que diante de tanta xente teña a valentía de contestar. Primeiro, se quere que se anule a ponencia de valores, si ou non. Segundo, se quere revisar as ordenanzas con eles, co resto dos grupos, si ou non.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle á Sra. concelleira que el non sabe o que lle colga, que llo ten que aclarar despois, porque iso pode ser moi grave.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que co debido respecto, dende o BNG queren referirse a ese conato, a ese aborto, que é unha palabra que lle gusta moito ao PP, de emenda á totalidade que lles quixeron colar a día de hoxe. E falando de aborto, van falar dalgunha maneira do feto desa moción, non nata, desa emenda á totalidade non nata, que chega a este pleno.

A xuízo do BNG é xusto dicir que, se están a falar hoxe do catastrazo no Concello de Cambre, é polo labor da oposición. Primeiramente pola iniciativa que tivo o grupo socialista no mes de setembro, vendo, como tamén estaban a ver outra serie de grupos, o que estaba pasando, que estaban a chegar unha serie de cartas mandadas dende o Catastro aos fogares dos veciños de Cambre. O grupo socialista foi o primeiro que trouxo aquí unha comisión rogatoria, que tivo lugar no pleno do pasado mes de setembro, e puxo primeiramente o debate no tapete institucional.

Conxuntamente, despois, todos os grupos da oposición, da oposición de esquerda progresista, por así dicilo, solicitaron a celebración deste pleno extraordinario. Se hoxe se está aquí, botando algo de luz sobre este tema, se hoxe os veciños e veciñas de Cambre, eses aos que saúda tan efusivamente o voceiro do Goberno municipal Felipe Andreu, están aquí e poden facerse unha composición de lugar mínima do que realmente está a pasar coa actualización dos valores catastrais, é por iniciativa dos grupos da oposición, porque o Sr. alcalde, que iniciou este proceso en outono do ano 2011, estivo durante tres anos no máis absoluto dos silencios. A el gustaríalle que o Sr. alcalde lle explicara aos membros da Corporación e ao conxunto de veciños e veciñas de Cambre, por que durante tres anos estivo calado.

Ao Sr. alcalde, que ás veces é tan falangueiro, tan efusivo nas manifestacións nos medios de comunicación, que vende un proxecto unha e mil veces, pregúntalle por que disto, se é tan bo para os veciños de Cambre, non dixo absolutamente nada. Por que se é algo que é tan necesario e que esixe tanto cumprimento da lei, por que non o incluíu no seu programa electoral.

Dille ao Sr. Rivas que el cre que esas son preguntas que precisan resposta, porque el non acaba de entender como o equipo de goberno puido ter a idea de manter todo este proceso no máis absoluto dos segredos, de cara á Corporación municipal de Cambre e de cara ao conxunto dos veciños.

Fai o Goberno agora unha emenda á totalidade da moción, que non ten absolutamente nada que ver co texto desta emenda. O que pretenden é centrar o debate única e exclusivamente no IBI, no recibo da contribución, e a oposición está total e absolutamente a prol de que vai haber que regular o IBI, por suposto que si, pero non como queren facer eles, porque a emenda á totalidade que propoñen a día de hoxe é un absoluto disparate xurídico que compromete a acción de futuras corporacións deste concello, algo que é total e absolutamente impensable dende o punto de vista da legalidade á que se deben. Faise, por suposto, como un brindes ao sol, sen o máis mínimo soporte xurídico nin informes técnicos, nin estudos preceptivos para formular unha proposta dese tipo. É unha proposta que se fai para saír ao paso, para tapar á oposición, para sementar máis dúbidas.

A xente ten que saber que o pasado xoves tiveron unha xunta de voceiros onde se reuniron os representantes de todos os grupos políticos, e a xente ten que saber que o pleno estaba xa convocado, e o Goberno non fixo a máis mínima mención á presentación desta emenda á totalidade, presentárona, oh sorpresa, casualmente ao día seguinte. Dille ao Sr. Rivas que realmente non coa, o que intentan é desvirtuar o debate, o que intentan é que non haxa información, que non chegue a realidade do que lle está a pasar aos veciños.

Eles traen hoxe aquí, na súa proposta, na moción conxunta, unha idea clara, nidia, transparente, que transmiten ao conxunto de veciños e veciñas de Cambre, cren e defenden neste salón de plenos que é perfectamente posible, se a administración politicamente así o determina, paralizar o proceso de actualización de valores catastrais no Concello de Cambre. Esa é a súa proposta e o que lle esixen ao Sr. alcalde, que por unha vez exerza de alcalde de Cambre, que por unha vez intente

remediar a situación tan caótica e convulsa na que, sen encomendarse nin a Deus nin ao diaño, os meteu. E que o faga, ao ser posible, con transparencia.

Dende o BNG é a iso ao que o queren convidar. Entenden que eles veñen hoxe aquí a debater sobre unha proposta que formularon. Tempo tivo o Goberno durante tres anos en traer este asunto a pleno e non o fixeron. Agora, casualmente, na emenda á totalidade que traen, que leu o Sr. Felipe Andreu, din que convidan ao alcalde a formular un bando. Dille que a boas horas. Unha banda é o que son, unha banda.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e integrante do GM, manifesta que el non tería ningún inconveniente se votaran a emenda, en votala.

Toma a palabra o Sr. alcalde e manifesta que el vai explicar por que a ponencia de valores, por que o Catastro, por que é legal. Porque os que estaban na Corporación dende o ano 2003 ata a data, non fixeron o seu traballo.

Dilles que a ponencia de valores do Concello de Cambre é do ano 1998. Por lei hai que facer unha ponencia de valores polo menos cada 5 anos, e obrigatoriamente cada 10. Se alguén quere discutir a lei, aquí hai xuristas que o poden dicir. Cambre leva 16 anos sen facer a ponencia de valores.

El non é un home experimentado nas cuestións políticas, dado que nunca se dedicou á política, certo é. Quizais iso é o que lle colga como dixo a concelleira de EU. Cando veu aquí e se presentou para ser alcalde de Cambre, e conseguiu máis votos en representación dos veciños, por iso é alcalde, veu para facer os deberes e defender aos veciños. Tomou posesión en xuño, en novembro o Catastro dirixiulle a través da Deputación un escrito dicindo que había que facer a ponencia de valores.

Neste momento pide respecto aos asistentes, porque quere chegar ao final.

Continúa dicindo que o Catastro lle pediu facer a ponencia de valores, porque a partir do ano 2012 o Ministerio de Facenda, pola Lei de estabilidade orzamentaria, e xa estaba aprobado no 2011, penalizaría ao concello cunha carga do 10 % en todos os recibos de todos os veciños de Cambre. Así, o tipo de Cambre era do 0,65 e, se eles miran os seus recibos, dende o ano 2011 están pagando o 0,715. Esa é a realidade, e todo porque esta ponencia había que tela feito no ano 2008, cando tocaba, como fixeron os concellos do contorno. Pero pregunta que fixo o Goberno pasado. Pois chegou o ano 2003, pasaban 5 anos, a valoración dos bens íase incrementando o 10% e o Concello tamén ía incrementando o tipo impositivo. No ano 2003 o tipo impositivo era do 0,50, no ano 2004 levou ao pleno a subida do tipo impositivo ao 0,55. No 2005 subiuno ao 0,60 e no 2006 volveu subilo ao 0,65 actual. Por riba, o Ministerio de Facenda os penaliza. Di que el, como veciño, séntese prexudicado, e supón que todos os presentes.

Polo mero feito de facer a ponencia de valores, para o ano 2015 ese recargo que lles pon o Ministerio de Facenda desaparece, co cal pagarán 0,65, por iso a maioría dos veciños, e non di que non haxa xente prexudicada, ou que a súa ponencia de valores estea equivocada, para iso está aberta a oficina para reclamar, pero á maioría dos

veciños de Cambre o recibo no ano 2015 báixalles. Iso di que llelo pode demostrar calquera persoa cos seus recibos. Mentres que se collen os recibos dende o ano 2004 ata a data, verán o incremento que se foi producindo ata hoxe, e aí non dixeron nada, non obstante, as súas propiedades estaban valoradas alá ao fondo. Esa é a realidade.

Tamén a moción di que está feito con escurantismo. Pregunta como que con escurantismo. El non lles vai facer o traballo aos Sres. concelleiros e escurantismo, ningún. Cando o Catastro lle entregou a ponencia de valores feita, en maio do 2014, púxose en exposición ao público, e publicouse no *Boletín Oficial da Provincia*.

Ante as palabras do concelleiro do BNG reitera que o perdoe, que non lles vai facer o seu traballo. El cre que os concelleiros teñen que ler, non se vén aquí só a levantar a man, hai que facer tamén o traballo, porque o alcalde non lles ten que informar de que está publicada no boletín oficial unha ponencia do Ministerio de Facenda ou do Catastro.

Di que el fixo o seu traballo. Cando tivo a ponencia avisou ao Catastro para que houbera aquí en Cambre unha oficina de información pública para que todo o mundo puidera reclamar. Oficina de información pública que está aberta en principio ata o 30 de novembro. Esa é a realidade, aínda que os grupos non o queiran ver.

Continúa dicindo que tamén lle piden hoxe ao Pleno esixir a un departamento da administración estatal que anule unha ponencia de valores que lles parece abusiva. Di que é posible que sexa abusiva, pero que tan abusiva será aquí como no concello de ao lado, porque teñen exactamente a mesma ponencia de valores, exactamente, cos mesmos valores de solo e cos mesmos de construción, e está feita no ano 2013. Di que certo é que non é un concello gobernado polo PP.

Pois ben, dilles que tendo consultado cos técnicos municipais e cos técnicos do Catastro, o que propoñen é un brindes ao sol. Eles saben de sobra que non é posible anular unha ponencia de valores que se ten aprobado tal e como especifica a lei do Catastro. Saben que non é posible, porque non teñen competencia, os concellos non teñen competencia, poden negarse, discutir o valor, presentar emendas, que teñen presentado dúas, pero isto é máis grave, aquí hai unha ponencia de técnicos que determinan os valores, e así se fai a ponencia de valores.

Onde si pode actuar o concello é no tipo impositivo fiscal, aí si pode actuar e pode ir baixándoo, sempre e cando o Sr. interventor, por estabilidade orzamentaria do concello, e sen poñer en perigo os servizos, llelo permita. Esa é a realidade.

Tamén é verdade, e vaino dicir aquí, por que non, dado que están os veciños, que a súa emenda vén como consecuencia de que a maioría dos veciños das parroquias polas que teñen ido pedíronlles que se comprometeran publicamente a, polo menos, poñer os medios para baixar o tipo impositivo do IBI. Iso é o que lle pediron nas parroquias, e a iso si se pode comprometer, non a dicirlles cando, pero si a poñer todos os medios para facelo, porque el non veu aquí a quentar a cadeira, veu defender os intereses de Cambre, en conxunto, e dos veciños de Cambre, e dilles o por que. Este concello en gobernos anteriores fixo a vista gorda en moitas cousas, e unha delas é esta, porque con esta revisión catastral o Catastro tamén actuou de oficio, e

hai moitos veciños prexudicados ou beneficiados, entre comiñas. Hai 600 ou 700 veciños que tiñan as súas casas, os seus terreos, as súas chabolas, os seus alpendres, transformados nun garaxe, nunha vivenda, e que non declaraban, e que agora teñen que pagar, e reclámanlles 5 anos, cando hai algunhas construcións que teñen 20 anos para atrás, pero soamente lles poden reclamar 5 anos. E iso non é afán recadatorio, é xustiza tributaria, porque cantos máis paguen, menos pagarán todos. Iso é xustiza tributaria.

Segue dicindo que o que non se explica é como poden, de verdade, enganar, e di enganar, ou manipular os datos, con esas cousas que poñen. Pídelle ao BNG que lle explique como pagan 350, teñen que explicarllo, porque iso non é verdade, porque se eles fan unha táboa, aínda co 0,65, iso non dá. Ou o de que o 0,715 segue figurando aquí, e iso, por ter feito a ponencia de valores xa non é, xa é o 0,65 e vén posto na maioría das cartas que recibiron os veciños, vén posto que o tipo impositivo do Concello de Cambre é o 0,65, na maioría, noutras pon que o concello é o que establece o tipo impositivo a aplicar. Di que o que din non é certo, non é verdade.

Don Augusto Rey Moreno intervén para dicir que son casos reais.

O Sr. alcalde contéstalle que son casos reais, pero é un caso real que eles extrapolan ata o ano 2023 ao mesmo tipo impositivo. Porque se eles iso o fan baixándoo ao 0,65 e dende o concello poden baixar ese tipo, iso será lineal, non en subida. Esa é a realidade, e quen non o queira entender, que non o entenda, pero é a realidade.

Din tamén que a ponencia non se corresponde coa realidade, e que hai outros alcaldes que non a presentan. Non a presentarán, que queren que lles diga, cada un é alcalde no seu municipio. A el a lei dille que ten que facelo, e cre que os concellos responsables a fixeron cando lles tocaba. Hai outros que ao mellor son irresponsables, a iso el non lle ten medo.

Segue dicindo que tampouco vén a quentar a cadeira, porque tamén é unha lei aprobar os orzamentos de cada ano e hai alcaldes que os prorrogan ano tras ano, e logo as asociacións teñen dificultades para cobrar as subvencións, etc. Esa é a realidade, pero seguen prorrogando o orzamento. El non, el ten presentado dous orzamentos seguidos e dúas mocións de confianza, porque non está atado á cadeira, veu aquí a traballar por todos eles.

Está rebatendo o que eles din na moción. Iso de que a ponencia non se corresponde coa realidade. El preguntalles en que se basean, preguntalles se teñen un informe pericial de técnicos, de comisións de técnicos, porque dicir que a ponencia non lles vale é como dicir é feo, é guapo, é bonito, é frío ou calor. Preguntalles se teñen informes periciais de que a ponencia está mal. E por riba, xa di, os acusaron de mentireiros e el non os vai acusar a eles diso, pero si de manipular moito os números para que a xente os crea, si o vai facer.

Pide que pensen e fagan números e verá como o que lles está dicindo é unha realidade.

Para concluír manifesta que tamén dixeron que a ponencia a podería tombar o alcalde. El dilles que ten aquí a dous habilitados nacionais, e el preguntarlle á secretaria ou ao interventor se pode tombar unha ponencia do Estado. Pregúntalles se saben como se chama iso, e preguntalle tamén á secretaria, porque é prevaricación. El cre que iso é así. Directamente non pode un alcalde tirala, claro que non. Con isto empezaron porque a oposición se lanzou aos veciños, a asustalos, non a tranquilizalos, senón a asustalos, dicindo que o alcalde vai recadar e vai facer. Dilles que non, que el dende o primeiro día adquiriu un compromiso, que é tratar de manter que a eles o recibo de aquí ao ano 2023 se lles ten que subir o mínimo. Pero dilles que sexan conscientes de que á maioría dos veciños de Cambre o recibo do 2015, báixalles. No 2016 será este Pleno da Corporación, de aí vén a emenda, o que se comprometa a estudar a posible baixada dese tipo do 0,65 se é posible ao 0,60, para que o recibo permaneza máis ou menos estable nos vindeiros anos. Esa é a realidade.

O Sr. alcalde pide orde aos presentes.

Continúa dicindo que el o que si lles pode dicir é que leva tres anos e medio de alcalde, e se el se vai no vindeiro mes de maio, o recibo da súa contribución será máis baixo que cando entrou.

O Sr. alcalde volve rogar silencio.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que o Sr. alcalde dilles que vai explicar a realidade. Dille que entenda que está explicando a súa realidade.

Vai empezar por partes, como dicía Jack O Destripador. En principio, este procedemento ponse en marcha porque o solicita o Concello de Cambre, pídelle que non fale de que foi o Catastro quen pediu a revisión, e vailles dicir por que, porque así está recollido na circular da Dirección Xeral do Catastro 02.03.04/2009/P, do 19 de xaneiro de 2009, que di na súa instrución primeira, parágrafo segundo, e falando dos plans de traballo que anualmente desenvolve o Catastro en determinados municipios seleccionados, que as propostas teñen o seu fundamento prioritario na petición municipal por escrito. Pregunta se entenden o que é petición municipal por escrito. E o Sr. alcalde pediu iso no ano 2011.

Fala o Sr. alcalde de que tiña unha obriga legal de poñer en marcha ese procedemento aos 5 anos. Dille que falar de memoria é o que ten, así que vaillo ler, porque a lei está para lela e os veciños van saber interpretala porque non é nada especialmente complicado. O artigo 28.3 do texto refundido da Lei de catastro inmobiliario di na súa letra a) que só poderá iniciarse, fala do procedemento de revisión de valores catastrais, unha vez transcorridos polo menos 5 anos dende a súa entrada en vigor, é un prazo mínimo, dos valores catastrais derivados do anterior procedemento, e realizarse, en todo caso, a partir dos 10 anos. Non aos 10 anos, pode ser aos 11, aos 12, 13, 14, 15, 16, 17 ou 18.

Falaba o Sr. alcalde de que Cambre é un concello responsable. Entende que está chamando irresponsable ao alcalde da Coruña, o seu xefe político, porque Cambre fixo a última revisión no ano 98, e o Concello da Coruña, sen revisión ata a actualidade, ten o seu procedemento de revisión catastral do ano 97, Culleredo do ano

94, Oleiros do ano 98, Sada do ano 94. Pregúntalle se sabe por que eses concellos, como di el, incumpren a lei, isto entre comiñas porque el non entende que haxa ningunha obrigaón legal de facer esa revisión de valores catastrais aos 10 anos, e acaba de lerlle o precepto concreto da Lei de catastro inmobiliario.

O valor catastral escápase das mans dos concellos á hora de controlalo, e os valores catastrais, e os veciños o saben, aínda que o Sr. alcalde diga que a oposición manipulou esa información, si afectan para outros conceptos, para o acceso a unha serie de prestacións e incluso para o abono dunha serie de impostos, como o IRPF, que se escapa da competencia de control do concello e do Goberno correspondente. Están falando de pensións, de lei de dependencia, están falando de bolsas do Ministerio de Educación e Ciencia, están falando tamén do imposto de plusvalía. Ou sexa, que nese sentido rógalle que retire a palabra manipulación.

Di que o que teñen feito os grupos, por responsabilidade, é informar aos veciños, con algúns erros, si é certo, pero non dende a manipulación, senón dende o descoñecemento da información que o Sr. alcalde lles negou en todo momento. O 8 de setembro o grupo socialista solicitou información de todos os documentos que se tiveran transmitido ou transferido entre a Xerencia Rexional do Catastro e o Goberno municipal, nese proceso de revisión de valores catastrais. Entregóullelo a mediados de outubro, e iso logo da solicitude por parte de todos os grupos desa mesma información. Pregunta por que non se lles deu esa información xa no primeiro momento, se non había nada que esconder.

En canto ao que dixo de que non se pode anular a ponencia de valores, é a base da moción que presentan e, se ten oportunidade, vaille informar de por que si se pode anular esa ponencia dirixíndose á Dirección Xeral do Catastro, como hai que dirixirse.

Conclúe dicindo que non quere ampliar máis, que teñen que intervir os compañeiros.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que houbo un momento en que pensou que o Sr. alcalde lles estaba rifando aos veciños de Cambre, aínda por riba, de verdade que pensou que os estaba rifando a todos.

Dixo o Sr. alcalde que eles saíron lanzados a asustar aos veciños, foi a última frase que dixo, e dille que el non saíu lanzado, eles foron informar aos veciños do que ao seu parecer estaba ocorrendo, é máis, dicíanlle a todo o mundo que ía vir o alcalde, despois de catro anos sen aparecer nin falar do IBI para nada, a falar con eles, e dicíanlles aos veciños que fixeran as preguntas, a ver se tiñan máis sorte que os grupos da oposición aos cales o alcalde non lles contestou.

Continúa dicindo que eles están aquí efectivamente, neste pleno extraordinario, porque o pediron a maioría dos grupos da oposición, non porque o Sr. alcalde quixera informar aos veciños do que estaba facendo o Goberno. Dille que non se equivoque, que o pediron eles, e que obrigaron ao Sr. alcalde a vir aquí e dar a cara, diante dos veciños e diante deles, para que lles explique moitas cousas. Ata o de agora non lles explicou case nada.

Continúa dicindo que eles o que lle dicían é que non entendían, e seguen sen entender, por que no 2011 aproba iniciar o proceso de revisión catastral cando ten en marcha un Plan xeral. Está claro que no 2011 o Sr. alcalde xa sabía que non ía rematar o Plan xeral nesta lexislatura, porque senón esperaríaa acabar o Plan xeral e despois faría a revisión catastral, como é de sentido común, polo menos de sentido común.

A actuación do alcalde no Concello de Cambre vén determinada pola soberbia e a submisión nestes tres anos. Pola súa soberbia e a submisión que ten ao seu partido. Soberbia en relación coa oposición e cos veciños, aos que no representa, senón que dirixe, intenta dirixir, mandar, ordenar. Submisión ante aqueles que están no que o alcalde entende como maior escala política.

O seu proceder no asunto comeza no 2011 cun acto de soberbia, ao decidir unilateralmente que se comezase un proceso catastral sen consultar a ninguén, nin a oposición, e pídelle que entenda dunha vez por todas que tamén son representantes dos veciños de Cambre, non só o é el.

Comeza por un acto de submisión ante un escrito do presidente da Deputación, ao que chama normalmente Diego, e pide que lle permita ler o final dese escrito, porque aí é onde comezaron coa revisión catastral, que é onde lle di o presidente da Deputación, Diego Calvo, que faga unha revisión catastral, que a Deputación a vai financiar. No final dese escrito que lles facilitou xusto o día en que os grupos pediron o pleno extraordinario, dise que con ese proxecto pretenden, unha vez máis, prestarlle aos concellos o mellor servizo posible, permitindo actualizar os valores catastrais en orde á mellora da recadación por IBI, nun momento de crise como a que viven, de onde resulta difícil e complexo o financiamento dos servizos públicos locais, debido á caída dos ingresos de todas as administracións públicas.

El se pregunta se o Sr. Diego Calvo, cando di que están en crise, el non está. El igual non está en crise e o resto si, e por iso lle di ao alcalde de Cambre textualmente que faga unha revisión catastral, porque vai recadar máis. Iso é o que di textualmente, non inventa nada, e seguro que o alcalde ten aí o documento e o pode dicir.

No ano 2014 o Sr. alcalde continúa cun acto de soberbia. Eles entenden, e dillo sinceramente, que se equivocou, ou queren crer que se equivocou no ano 2011, porque senón, dende logo debería dimitir xa. Eles cren e queren crer que o Sr. alcalde se equivocou ao iniciar esta ponencia.

No ano 2015, ten outro acto de soberbia, ao dar por boa a ponencia cun simple informe urbanístico, polo menos é o informe que eles teñen, sen un informe dun impacto social, sen un informe económico, nada de nada. Polo menos é o que se lles ten facilitado a eles e que teñen pedido todos os grupos por rexistro.

Tampouco neses momentos o Sr. alcalde informou á oposición nin aos veciños. Podería ter rectificadocando empezan a chegar as primeiras cartas de notificación, e comezou a detectarse o verdadeiro alcance da ponencia no peto dos veciños de Cambre, pero a súa soberbia, impediullo.

Pero non contento con iso, pon en marcha outra acción, como é a de enviar un escrito a cada cidadán, por certo, preguntalle canto custou, se é verdade que custou máis de 3.000 euros o escrito que lles mandou a todos os veciños de Cambre. Gustaríalles saber a contía dese escrito. Un escrito que debería ser para explicar o por que desas decisións, convértese nun insulto aos veciños, ao dicirlles que en Cambre se pagan menos impostos que noutros concellos.

Pois se pagan menos impostos que noutros concellos, non só debe comparar o que pagan, ten que comparar os servizos que teñen, que son infinitamente menores que na gran maioría dos concellos limítrofes. Polo tanto, parécelle un insulto esa carta aos veciños.

A súa maior defensa respecto da súa actuación, a centra en que el está aquí non para quentar a cadeira, o dixo varias veces, senón para cumprir coa legalidade. Dille que dá ganas de chorar de emoción, de verdade, cando se pon a defender a legalidade, aínda que lle custe a Alcaldía, palabras do Sr. alcalde na prensa. El está aquí para defender a legalidade, que bonito se puideran crelo, sinceramente.

Pide que deixe de mentirle aos veciños cando di que a lei o obriga. Como moi ben dixo o compañeiro, non é certo, o texto refundido da Lei de catastro, artigo 28.3 a) di que en todo caso a partir dos 10 anos dende a dita data. O Sr. alcalde non entende, ou non quere entender, que a partir dos 10 anos non é o mesmo que aos 10 anos. Hai unha pequena variación aí. Hai outros alcaldes que si entenderon esa pequena variación.

Se a súa soberbia llo permitira, tiña que ter preguntado a Carlos Negreira, alcalde da Coruña, e o Sr. Negreira teríalle dito que non tocaba facela agora, porque os veciños da Coruña seguramente teñen que premer moito o cinto para chegar a fin de mes e, polo tanto, ían agardar a que veñan tempos mellores. A partir dos 10 anos, a lei non di cando, polo que non incumpren a lei, nin el nin ningún dos alcaldes que non fixeron esa revisión aínda.

Dille ao Sr. alcalde que se se tratara doutra persoa terían, como mínimo, o beneficio da dúbida, pero a experiencia demóstralles outra cousa. Vai lembrar o que é para o Sr. alcalde, na súa vida política, cumprir a lei. O Plan xeral, a transitoria segunda da Lei do solo do ano 2002 obriga a que o planeamento se axuste no prazo de 3 anos, polo tanto, dende o ano 2005 Cambre leva 10 anos incumprindo esa norma, dos cales 3 e medio lle corresponden ao actual alcalde. Leva incumprindo con esa norma, incumprindo a lei que el tanto fala de cumprila, 3 anos e medio.

Lémbralle que a ponencia só levaba 6 anos de atraso, o Plan xeral 10. Pero segundo o Sr. alcalde para poñerse a ben coa lei preferiu facelo coa ponencia e non co plan, curiosa forma de entender a legalidade.

O Sr. alcalde, polo menos ata hai dous anos, era o presidente da Asociación Pro Urbanismo que defendía o non á Vía Ártabra e, non obstante, aquí tivo que votar a prol. Non sabe ata que punto é legal ou moral, aí non quere entrar, déixao aí.

Sen entrar en detalles vaille mencionar outras formas do seu entender a legalidade. Modificación do Plan parcial do Espírito Santo, onde a propia Xunta a requirimento de UxC lle dixo que estaba usurpando funcións que lle correspondían ao conselleiro.

A rotonda de Cambre, onde a Deputación lle negou un proxecto porque non se axustaba ás bases, e dixéronllo aquí, non é que o Sr. alcalde non o soubera, non é que estivera equivocado. Sabía perfectamente cales eran os motivos.

O convenio na N-VI, que se asinou en maio do 2013 e aínda non o expuxo ao público, tal e como lle esixe o artigo 237 da Lei do solo. Dille que pronto lle preguntarán por que non o expón, que pode ocultar nun convenio como ese.

Pero sobre todo a súa gran homenaxe á legalidade ten sido o festival Brincadeira. Esa foi a súa homenaxe, e el é legal. Contrata sen procedemento, sen informes, aí o Sr. alcalde non tiña que cumprir a lei de procedemento administrativo. Deixa, por agora, sen xustificar unha débeda de máis de 100.000 euros.

Continúa dicindo que a decisión do Sr. Rivas non foi por un problema de cumprir coa lei, foi porque tomou unha decisión equivocada, volve dicirlle que cre que foi equivocada, por submisión ás directrices que dende arriba lle daban. Ten moitas explicacións que dar, que aínda quedan no aire, a pesar do seu percorrido polas parroquias. Por que decidiu realizar neste momento a ponencia catastral, xa viron que por cuestión de legalidade non é. Pregúntalle se ten algunha outra explicación, por que non agardou a terminar o Plan xeral, ou é que xa sabía que o Plan xeral non se aprobaría nesta lexislatura. Pregunta por que admitiu os valores de 450 euros o solo e 650 en construción, cando en Arteixo, cunha ponencia do 2008, están en 210 e 450 euros.

O Sr. alcalde dille que 475.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que pois 475, que desculpe e dálle as grazas por rectificalo, pero dille que é igual, contra 650 que aprobou el aquí. En Arteixo é dende o 2008, e dende o 2008 ata aquí están en crise, polo menos en Sigrás, onde el vive están en crise e seguirán en crise unha tempada. Polo tanto, non sabe a que vén ese desfase nos números.

Segue dicindo que o Sr. alcalde foi elixido como representante dos cidadáns ante as administracións e, polo tanto, debe responder por que os meteu nesta lea, por que tomou esa decisión, e pídelle que non os volva insultar, que non lles diga que foi por cumprir coa legalidade, xa quedou máis que demostrado que a legalidade no campo da súa xestión política non é unha das súas virtudes.

O Sr. alcalde sabe perfectamente como empezou isto. Isto empezou co Sr. Montoro que lles dixo aos señores dos concellos que se acabou o diñeiro e que non ía haber máis. Entón, os concellos dixeron, se non vai haber máis, imos dicirlle a Montoro que necesitamos diñeiro, e o Sr. Montoro de Facenda dixo pois imos facer unhas revisións catastrais e abriu tres frentes. Primeiro a Lei de estabilidade no ano 2012 onde incrementa un 10% por non ter feita a revisión catastral. O Sr. alcalde non pode baixar

nada, porque é competencia do Pleno, e pregunta se están de acordo niso e se baixar o tipo impositivo non é unha competencia do Pleno.

Segundo, unha iniciativa de inspección catastral a nivel nacional, o que implica nalgúns casos o cobro con carácter retroactivo dos últimos catro ou cinco anos.

Terceiro, inician ponencias catastrais en todos os concellos, nos que aceptan, Cambre é un deles. A Coruña, Oleiros e Culleredo como ben se dixo non aceptan iso, porque saben que non deberían aceptalo, terían a esixencia e a seguridade de non cumprir a lei, que lles avala. Ben puido o Sr. alcalde deixarse aconsellar por eles, preguntarlles por que non o facían, ou se o facían en que situación e cando o ían facer. Mellor lles iría a todos e non estarían nesta situación.

En conclusión, nin legalidade nin contos. Trátase de recadar, sen máis. Non se trata da legalidade, diso falarán noutro pleno. Este asunto é que o Sr. Rivas nin ten nin se lle agarda unha política global de ingresos e gastos, que é o que deberían estar discutindo neste pleno. Trátase de que o Sr. alcalde, na súa soberbia, equivocouse no ano 2011 e no ano 2014, e agora non quere recoñecelo, aínda que isto afecte aos petos dos veciños de Cambre. Por todo, solicítanlle que atenda aos representantes da oposición e que non menosprece a solicitude das 3.466 sinaturas que hoxe o grupo municipal de UxC depositou no Rexistro solicitando que se anule a ponencia de valores.

O Sr. alcalde dicía que el está aquí porque tivo máis votos que ninguén, e sabe perfectamente cantos votos tivo. Aquí hai máis sinaturas que votos tivo, polo tanto, se se cinguen a iso el tería que facer caso, xa non di a UxC nin á oposición, pero ás 3.466 persoas que asinaron, debería, polo menos, ter un pouco de atención con eles.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López dille ao Sr. alcalde que mire se é prepotente que de todo o que lle dixo antes o único que lle preocupou é o que lle colga. De todo o que lle dixo iso foi o único que lle preocupou, a ela non lle preocupa o que lle colga.

Segundo, segue como sempre, e hai testemuñas, sen contestar ás dúas preguntas que lle formulou. Vaillas contestar ela. Preguntoulle se quería que se anulara a potencia de valores, si ou non. Evidentemente non. Preguntoulle se quería revisar todas as ordenanzas con eles, si ou non. Como non contestou vaille dar outra oportunidade. A todas as persoas que están hoxe aquí presentes, invítaas a que veñan o xoves a este pleno, porque aí será onde el poida demostrar o compromiso que ten de revisar, non só o IBI, senón todas as ordenanzas fiscais afectadas pola súa medida de pata. O xoves verán o seu compromiso. Ela confía en que sexa a prol da moción presentada.

Respecto do tema que os ocupa, a palabra cumprimento da lei na súa boca significa oportunismo, andrómenas, interese electoralista, oportunidade de rañar puntos nas enquisas, manipulación, abuso, mentira e engano. Fala de cumprimento da lei, e el a lei que cumpre é a lei do embude. Pregúntalle por que non publica os seus bens, iso tamén está regulado no Regulamento orgánico municipal, está obrigado a publicalos e segue sen publicalos a día de hoxe. A lei que lle interesa a cumpre, a do amigo Diego

e a do amigo Feijoo a cumpre. A do Regulamento orgánico municipal, esa non a cumpre.

Para chegar a conseguir ese grao de crispación, realmente a estas alturas o Goberno municipal xa é merecedor dunha dimisión en bloque. Levan tres anos e medio demostrando que é merecedor da expulsión definitiva da vida política. Ás persoas que tratan aos veciños, aos representantes dos veciños dese xeito, deberíaselles impedir chamarse representantes do pobo. Dillo con total sinceridade, porque o pensa sinceramente. A personaxes que menten reiteradamente e que manipulan a información ao seu antollo co ánimo de enganar ás persoas que os votaron e ás persoas que non os votaron.

A estas alturas de Corporación, di que ela, Olga Santos, está avergoñada de pertencer a esta Corporación presidida por el, sente vergoña de que el sexa o seu alcalde, e dálle moitísima mágoa que o que podería ter sido unha lexislatura relativamente cordial, sexa a máis ridícula que se vai lembrar ao longo dos anos en Cambre.

Sinceramente, ela dubida de que despois destes tres anos de incompetencia, de mentiras e de mala xestión, puidera aínda caer máis baixo. Pero ten que recoñecer que ao longo destes días de catastrazo conseguiu sorprendela. Non se pode ser máis mentireiro e máis inxurioso. Dille que debería pedir desculpas polas inxurias e calumnias que manifesta, non agora, de sempre, na prensa escrita, onde sempre se queixa de que a oposición non os deixa gobernar. E no caso que lles ocupa publicaba na prensa que denunciaba a falta de ética dos grupos que estaban tratando de desinformar aos veciños para enfrontalos ao Goberno local e que o que faría a oposición de maneira irresponsable era xogar cos números.

Dicíallo antes, que non fora tan crido, que non están pensando nel todo o día, é o Sr. alcalde o que pensa constantemente. En lugar de pensar nos veciños, pensa na oposición. Respecto deste tema ten que darse conta, porque xa todo o mundo o fixo, que respecto do catastrazo non hai siglas, están todos os grupos xuntos, menos eles. Teñen todos a mesma preocupación, que é a que precisamente el non ten. O Sr. alcalde segue a pensar en eleccións, en facerlle o caldo gordo a Feijoo, en non protestar para que cando afortunadamente xa non sexa alcalde o teñan en boa consideración.

Quen non ten ética é o Sr. alcalde e quen xoga cos números é el, e quen minte é el. Na carta que envía aos veciños di que os veciños de Cambre son os que menos impostos municipais directos pagan da comarca, 217 euros/ano de media. Dille que mentira. Da comarca os veciños que menos pagan son os de Carral e Abegondo, que pagan 195 e 141 euros respectivamente de media. Pregúntalle quen xoga cos números, di que o Sr. Rivas. Da comarca, o que fai é ver en que lugar está Cambre, ve que está de terceiro e cárgase ao un e ao dous. Iso é xogar cos números. E o Sr. alcalde aproveita que o 99% da xente que le a carta non ten tempo, nin ten gañas, nin ten por que desconfiar do que le, pero aquí en fronte ten sentada a unha concelleira que comproba todas e cada unha das palabras que el di, e por iso se permite o luxo de dicirlle mentireiro.

Na carta que envía aos veciños tamén se queixa de que o tipo impositivo de Cambre é o máis alto da bisbarra. Xa o era no 2013, xa o era no 2012, e o era no 2011, ano no que el comezou a gobernar. Non se pode ser máis demagogo do que é o Sr. Rivas, e agora botan as mans á cabeza. Pregúntalle por que non baixou o tipo antes. Contéstalle ela, porque non había unhas eleccións á volta da esquina. E baixarao, si, baixarano eles, dende logo, e unha vez pasen as eleccións será cando os veciños se dean conta da faena na que os acaba de meter con esa ponencia de valores.

Aínda lle vai demostrar o mentireiro que é con máis datos. Datos que están aquí a disposición de quen os queira ver. Dentro da escasa documentación que lles achegaron en todo este proceso, e para que os veciños saiban de que están a falar, en tres anos teñen unha documentación que, aínda que é ridícula, serve para volver a poñelo en evidencia, porque aínda que el se empeña en ocultarlles toda e canta información pode para evitar que exerzan o seu dereito de defender aos veciños, aínda con iso, como son tan chafalleiros, tan chapuceiros e tan pouco respectuosos coa democracia, atopan cousas e torpezas como as que lles vai dicir.

Dentro desa ridícula documentación atopan tres cartas que recibiron no Concello de Cambre. A carta número un, que a teñen aquí, a envía a Deputación a Cambre o 9 de novembro de 2011, chega a Cambre o 11 de novembro de 2011, dous días tarda en chegar a carta, entra dentro do normal.

Teñen a carta número dous, que sae do Catastro da Coruña, aí ao lado, o día 25 de marzo e chega a Cambre o día 28, segundo o selo do rexistro de entrada. Nese caso tarda tres días, pero ben, un día máis, non está mal.

E despois teñen a carta número tres. A carta número tres o carteiro debía ter lumbago, porque esa carta sae do Catastro o día 14 de maio, e chega a Cambre o día 27, tarda trece días en chegar. Pregunta que lle pasaba ao carteiro, e dille que non lle está preguntando, que é unha pregunta retórica.

Dous días, tres días e de súpeto hai unha carta que tarda trece días. Di que van ler a carta, a ver que ocorre e por que tarda trece días. El debe pensar que son parvos. Decía o Sr. alcalde que por que llo preguntaba, dillo ela, dille que esa carta casualmente chega o 27 de maio, e o día 27 de maio é a véspera que ten esa carta de vencemento para que se comunique o tipo de IVE e as bonificacións para o ano 2014. Se tiña tanta prisa en baixar o IBI, pregúntalle por que non se fixo nesa data. Dirá que porque non lle chegou a carta a tempo.

Nesa carta estíbese dando tempo máis que suficiente, do 14 de maio ao 28 de maio para que se comunicara o tipo de IBI do ano seguinte, e lémbrese nesa carta, ademais, que o tipo fixarase en ordenanza fiscal mediante acordo plenario. Claro, o problema é que a carta lembra que hai que convocar ao Pleno, e ao alcalde todo aquilo que non sexa da súa competencia non o contempla, non vai caer tan baixo de ter que convocar a esa panda de demagogos e manipuladores que só queren afundir a súa parcela de poder e roubarlle o bastón de mando. Entón que fan, pois gardan a carta no caixón, agardan trece días, a sacan o 27 e din que non lles dá tempo, e comunican os tipos de IBI.

Agora resulta que é Rivas o defensor do IBI. Ela non o cre, quen o crea, no seu dereito está, e quen queira ver a documentación, téñena á súa disposición.

Destapadas estas andrómenas poden falar do que promete. Di o Sr. alcalde que os veciños de Cambre non van pagar máis pola contribución nos vindeiros anos. Pregúntalle como pode asegurar iso. En todo caso poderán levar a cabo medidas de aquí a oito meses. Di o Sr. alcalde que vai obrigar a unha futura Corporación co que el propón, cando nin el nin ela estean aquí sentados, pregúntalle como pode garantir algo sen ser alcalde nin concelleiro. Pregúntalle se é omnipotente, omnipresente, e se ao alcalde que se senta no seu posto lle dá a gana de subir o IBI ao máximo, e ten maioría para facelo, se el se vai poñer diante cunha espada e cortarlle a cabeza. Pregúntalle como o vai impedir. Non pode facelo, sabe perfectamente que non pode.

Tendo en conta que con case total seguridade non vai ser el o vindeiro alcalde de Cambre, agarda que lle explique como o vai facer. Como vai garantir e como vai evitar os danos colaterais no IRPF, no imposto sobre sucesións e doazóns, no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, no imposto sobre actividades económicas, na plusvalía, nas bolsas de estudo dos fillos. Pregunta como vai evitar todos eses danos colaterais, toda esa suba de impostos. Insiste en pregúntalle como o vai evitar. É outra pregunta, e agarda non ter que contestala ela, agarda que a conteste el, pero concretamente ao que lle está preguntando.

Conclúe dicindo que ten seis meses para, non remendar, pero para demostrar outra cousa distinta ao que leva demostrado ata agora. Pídenlle que sexa responsable, que sexa coherente, que sexa humilde, que conserve o chisco de dignidade política que lle queda, e que recoñeza que se equivocou. Di que ata Esperanza Aguirre acaba de pedir perdón. Pídelle que colabore co resto dos grupos e así será a única forma en que os veciños poidan crer que no fondo aínda lle importa máis o servizo ao pobo que esa cadeira.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que só quere, antes de darlle a palabra ao Sr. Carballada, que a concelleira de EU lle explique o principio da súa intervención, cando dixo que lle daba vergonza, porque el non sabe do que lle está a falar. Pregúntalle que é o que lle dá vergonza, soamente para poder contestarlle, por se el ten contestación. Dixo que lle daba vergonza cos presidentes das asociacións de veciños. Pregúntalle que pasa cos presidentes das asociacións de veciños, ou coas reunións cos veciños.

Ante as manifestacións dos presentes o Sr. alcalde dille que se agora di que non o dixo, que repase o seu discurso se o ten escrito. Gustaríalle saber de que lle estaba a falar, pero se non llo di, el non colleu o sentido.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López contesta que lle dá a risa, de verdade, todo o que lle dixo resulta que non escoitou nada e resulta que escoitou unha cousa que non dixo.

O Sr. alcalde dille que si o dixo, pero que el non lle entendeu o que lle quixo dicir.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que van ir paseniño e con boa letra, porque se non ... Dille ao Sr. alcalde que, co debido respecto, dixo que a oposición o invitaba a non cumprir a lei, ou que dicían que a actualización de valores catastrais en curso era ilegal. Dille que non, que eles non dixeron iso, nin o dixeron en ningún momento. Pídelle que non intente poñer na súa boca cousas que de modo ningún dixeron. Dirían moitas cousas, pero esa non, en absoluto, porque senón xa terían ido loxicamente á Fiscalía e non ao pleno municipal.

Convidouno o Sr. alcalde a que aclarara algo que vén nunha publicación, nun panfleto publicitario do BNG de aquí de Cambre, e do cal el asume, como concelleiro do Bloque, a súa autoría. Vaia por diante unha cuestión, que no Bloque teñen moi a gala, cando se equivocan, recoñecelo, e entenden que iso os fai máis grandes. Pero vaille dicir unha cuestión para que lle quede claro, neste caso, non, porque quen fai demagogia é o Sr. alcalde, eles limítanse a establecer un cálculo a oito anos co mesmo tipo de IBI, porque eles dentro de oito anos contan con seguir vivindo en Cambre, e contan con seguir pagando impostos. E ese caso ao que o Sr. alcalde fai referencia, vaille dicir que é do Paseo Marítimo 21, parroquia do Temple, Concello de Cambre. É loxicamente unha simulación con datos total e absolutamente reais.

Di o Sr. alcalde unha serie de cuestións que xa non hai moito nin por onde collelas. Fala de concellos limítrofes, el tamén lle vai falar de concellos limítrofes. En Carral está habendo un proceso similar a este e preguntalle por que non hai alarma social en Carral, por que non hai un pleno cheo de xente en Carral como hai hoxe aquí en Cambre. Porque a ponencia de valores que se fixo en Carral, os veciños e veciñas de Carral entenden que se axusta minimamente á realidade do seu concello. Faise dentro dun programa de saneamento económico dese municipio, por iso haberá alguén a quen lle amole máis, haberá alguén que entenda que non é xusto, haberá alguén que considere que é desproporcionado e ese presentará unha emenda, unha alegación, un recurso, pero non hai como en Cambre unha ponencia de valores que, ao seu modo de ver, non se corresponde coa realidade da vida que viven os veciños de Cambre a día de hoxe. Esa ponencia de valores que o Sr. alcalde non recorreu, porque é outra mentira máis das súas.

Eles non din, loxicamente, que o Sr. alcalde teña superpoderes para botar abaixo determinados ditames dunha administración estatal ou da Axencia Xeral do Catastro, claro que non, pero o Sr. alcalde tivo a oportunidade de informar desfavorablemente esa proposta de valores, e non o fixo. Tivo a oportunidade de deixar morrer esa ponencia de valores por silencio administrativo, si ou si, e non o fixo.

Di que non aspira a que lle responda, porque aínda ten pendente as respostas da quenda anterior. Está agardando a que lle diga como en tres anos non dixo nin “mu” a un veciño de Cambre do proceso que estaba en curso.

Traspasou hoxe varias liñas dentro da súa acción de goberno. Unha delas é cuestionar de maneira categórica, e el politicamente o acepta, o labor da oposición. Dixo que non lían o taboleiro de anuncios do concello, que non cumprían coa súa función como representantes da oposición, e el por aí si que non pasa. E tamén o di, a título de inventario, os convites a ler determinados boletíns oficiais de provincia e

determinados boletíns oficiais do Rexistro Mercantil, poden volverse moi en contra de quen os dita.

E diralle máis, a oposición non tivo acceso á información. O Sr. alcalde ten tal falta de desvergonza que foi aos medios de comunicación a dicirlles que non entendía como os grupos estaban facendo charlas polas parroquias porque non tiñan información. A información que el lles negou, é que manda truco como as gasta.

Falou o Sr. alcalde do punto de información catastral, e pouco menos parece que hai un punto de información catastral por graza divina do Sr. alcalde. Dille que é algo que vén regulado, e dille que consulte a páxina web do Catastro, en todo proceso de actualización catastral ten que haber un punto de información catastral a disposición dos veciños. Dille que se fixe, que en Curtis, que está nun proceso similar a este, con 4.400 habitantes hai dous puntos de información catastral, un en Curtis e outro en Teixeira, para que os veciños poidan informarse, para que os veciños poidan asesorarse. En Cambre hai un, disposto casualmente nunha das esquinas do concello, nun edificio de recente incorporación ao patrimonio público e que moita xente non acaba aínda de situar e coñecer.

Ben parece que o Sr. Rivas pretende afastar aos veciños da casa do concello, cando sempre, historicamente, calquera cuestión relativa a Urbanismo neste concello dilucidouse nesta casa do concello, onde ademais están os técnicos municipais que, como é costume, e neste transo tamén foi o caso, amosan a maior das disposicións a axudar e a botarlle unha man aos veciños extralimitándose no que son as súas teóricas funcións, e iso é algo que eles dende aquí recoñecen.

Pero é que ademais ese punto de información catastral situado no Seixal abriuse ao público, abriuse aos veciños, cando moitos veciños xa había bastante máis dun mes que recibiran a súa carta na casa, que accederan coa clave de acceso telemático a través de internet aos seus datos persoais, e xa non podían nin sequera presentar reclamación. E quen o tivo que denunciar foron os grupos da oposición, entre eles o BNG, e despois saíu o Sr. alcalde de patriarca copto de Alejandría á prensa, dicindo que el pedía isto ou o outro. Dille que non, que un pouco de seriedade.

Ve que está o Sr. alcalde obcecado coas charlas que deron os grupos da oposición e outras iniciativas como recollidas de sinaturas que tiveron grupos como UxC e EU. 3.500 sinaturas son moitas sinaturas. As charlas que realizaron polas distintas parroquias de verdade que non teñen ningún tipo de trampa nin cartón, nin de misterio, como tampouco teñen as do Goberno, el concretamente foi á primeira das que tivo a ben protagonizar.

El vaille contar sinteticamente o que pasaba nas do Bloque. Nas do Bloque viña moita xente desinformada, moita xente que se queixaba de que o concello, que é a administración pública máis próxima ao cidadán, non dera a máis mínima información sobre este proceso. Moita xente que non sabía exactamente a envergadura da carta que viña de recibir na súa casa. Había ata un caso dunha persoa que lles dixo que ela si recibira esa carta, e que agora ao ver a carta que o BNG levaba, efectivamente si a tiña na casa, pero que non soubo interpretala, pensou que era un premio deses de internet, así llelo dixo. É de risa, efectivamente, pero ese é o concello no que viven, e

esa é parte da clase social máis agredida por medidas como estas, porque son os que teñen menos resortes para defenderse de falcatrudas como estas.

Pero a maiores diso, nas asembleas do Bloque pasou algo curioso desta vez, é que lles viñan militantes do PP a dicir que non tiñan nada que ver co Sr. alcalde, que non o coñecían, que non era de Cambre, que no PP de Cambre non o viran nunca e que o puxo Negreira, e que eles non tiñan nada que ver co tema ese do catastrazo. Así, tal cal llo di, literalmente así, que para o último que os chamaron foi para vir a este pleno e para unha cea que teñen non sabe cando. Dille que esa é a información que lles dá aos seus militantes, e dille que se o faga mirar.

Continúa dicindo que lembra daquela reunión en Brexo-Lema que o Goberno colleu alí como cabezas de turco aos veciños do Temple. Como estaban no rural explicaron que isto era un acto pouco menos que de xustiza poética porque había veciños que vivían nas zonas máis preto da Coruña, máis urbanas, os que tiñan máis servizos, que loxicamente tiñan que ver actualizado o valor das súas propiedades a nivel catastral.

El está de acordo en que efectivamente en quince anos, afortunadamente melloraron moitas cousas, e iso defendérono dende o BNG.

Neste intre pídelles a unha das asistentes ao pleno que por favor non o interrompa, e que habería que retroceder unha hora nada máis, non corenta anos. Viven en democracia.

Continúa dicindo que na parroquia do Temple, onde se revalorizaron pisos ata nun 300%, dende o Goberno din que iso é xusto, que iso é normal, e eles din que non. Loxicamente non teñen informes técnicos, porque non poden dispoñer deles, nin sequera dispoñen da información máis básica, porque o Sr. alcalde non llela facilitou, para poder presentar unha alegación ou unha ponencia alternativa a esa proposta de valores. Pero si saben o que hai, e saben que no Temple vive clase traballadora, que son pisos de traballadores, de xente que forma parte da maioría social deste país, e o Sr. alcalde estalles dicindo que as súas propiedades dan a un Paseo Marítimo e dan a unha ría. Pregúntalle a que ría dan, se é un auténtico vertedoiro a ría que teñen en Cambre, que é unha vergonza, e máis vergonza aínda é que nos orzamentos xerais do Estado e da Xunta de Galicia o PP non lles dispoña nin un can.

Pregunta se non están acaso afectados polo aeroporto de Alvedro e pola cantidade de rúidos e molestias que iso provoca. Pregunta como é posible que froito desta revisión de valores se equiparen os valores catastrais da parroquia do Temple, dun piso do Temple, cun de Santa Cruz. En que país viven e que seriedade é esta á hora de dar por boa unha ponencia de valores. O Sr. alcalde non defendeu a Cambre ao dar por boa esa ponencia de valores. Dixo que non vén aquí a quentar a cadeira, diralle unha cousa, eles recoñécenlle en todo momento a súa lexitimidade, os seus deberes e as súas obrigas derivados do exercicio do goberno, para gobernar e para ser alcalde de Cambre, iso que moitas veces se di eufemisticamente o primeiro dos cambreses, o que pasa é que o Sr. alcalde iso exerceo moi pouco. A diferenza entre el que está no Goberno e eles que están na oposición son 30.000 euros anuais. Eles, na medida das súas posibilidades, fan o seu traballo como membros da oposición, o mellor que

poden, pero non viven da política nin particularmente queren vivir da política. E menos dunha política como a que fai o Sr. alcalde, que minte descaradamente aos cidadáns.

Pregúntalle que como di hoxe aquí, ou por que di hoxe aquí, que non vai subir o recibo, que estean tranquilos, cuestión que eles non negan, loxicamente todo este proceso vén dalgunha maneira parapetado, con vaselina e con anestesia, para que no primeiro ano, para que no segundo ano non noten unha importante suba, pero ao cabo de oito anos si que a van notar.

Di o Sr. alcalde que non vai subir, non obstante, dixo na prensa que ía haber axudas. Pregúntalle para que son necesarias as axudas se realmente non vai subir a tributación. Quere que llo explique e que llo aclare, e queren sobre todo que saiba que eles non cren nun sistema per se de axudas. Eles queren e cren que os veciños e as veciñas de Cambre deben tributar, claro que si. Unha forza como o Bloque, que se considera da esquerda real e que cren nun Estado do benestar e nos servizos e políticas públicas, claro que di que hai que pagar impostos, por suposto que si, pero de aí a ser os papóns da comarca, media un abismo. Porque Sada ten unha ponencia de valores do ano 94, porque A Coruña ten unha ponencia de valores anterior á que ten Cambre, porque cando o Sr. alcalde fala de Oleiros ou de Culleredo, son revisións parciais que se fixeron para novas edificacións, pero non revisións totais como as que se fixeron aquí en Cambre. Cambia o conto, verdade?

Manifesta que pretende xa rematar e que de verdade si que o convida a que responda dalgunha maneira á pregunta de que vai facer, porque o quere centrar todo no IBI, non hai máis imposto que o IBI, e é mentira. Comentouno antes a compañeira de EU, pregúntalle que vai facer o Goberno municipal coa declaración do IRPF que grava na declaración da renda, coas actualizacións catastrais, todos aqueles bens inmobles que non sexan destinados a primeira vivenda ou comercio. Pregúntalle que vai facer, se vai destinar axudas, vailles convocar un pleno.

Ante as súas manifestacións, dille ao voceiro do PP, don Felipe Andreu, que non, que a vivenda habitual non xera rendementos para os efectos do IRPF, tampouco os inmobles destinados a calquera actividade comercial, pero para o resto dos inmobles urbanos establécese unha imputación de rendas inmobiliarias. Esta renda imputada é o resultado de aplicar o 1,1% do valor catastral. Ben, vanse entendendo.

Tamén está o imposto sobre transmisións patrimoniais. Pregunta que vai facer aí o Goberno municipal. Vai chamar a Rajoy, non, porque non pode facer absolutamente nada, porque a cacicada xa está feita. Actos xurídicos documentados, imposto sobre sucesións e doazóns, tamén aí vai repercutir. Ou no imposto sobre incremento de valor de terreos de natureza urbana, é algo moi importante. Nas bolsas, nas axudas ou servizos e prestacións das administracións públicas. Falan das bolsas no ensino tanto primario como secundario como universitario. Falan das axudas ao transporte, de comedores, de actividades de lecer, de atención sociosanitaria, da axuda no fogar, de prazas en centros de día e residencias da terceira idade, ou diversas axudas sociais.

Aí tamén incide e é lóxico que incida, o valor patrimonial das propiedades, que aquí se aumenta de media un 91%. Pregunta que vai facer aí, se vai saír á prensa e dicir que mentres el sexa alcalde non vai subir o IBI. Pregunta se esta é a segunda parte de

'Benvido Mr. Marshall', porque realmente non ha lugar a tomarlle o pelo á xente desta maneira.

Di que eles están hoxe aquí nun punto de non retorno, convidándolle a que con base e argumentario legal, intente paralizar este proceso. Ven que o que decidiu o Sr. alcalde foi meter a primeira e pisar o acelerador a fondo. Non acepta ningún tipo de crítica, non responde a ningunha pregunta que non sexa a que siga a súa folla de ruta, onde vaille tomar o pelo aos veciños de Cambre, porque o ano que vén non van ver un incremento substancial no IBI e así os vai ter enganados, ese é o seu esquema, e non atende a ningún tipo de proposta.

A pregunta que se facía todo o mundo cando remataban unha das súas charlas, e que tamén moita xente pregunta pola rúa é por que o fixeron. Por que se non o fai Carlos Negreira na Coruña, por que se non o fai o PP nos concellos nos que goberna, por que o fixeron en Cambre.

El quere pensar que foi por unha novatada, por inexperiencia á hora de gobernar, gustaríalle pensalo. Iso implicaría loxicamente unha asunción de culpas e unha petición de desculpas ao pobo de Cambre, e el entende que inmediatamente deixar a Alcaldía, cousa que o Sr. Rivas non vai facer, cousa que eles dan por suposto que non vai facer. Pero si lle gustaría que explicara a todos os veciños e veciñas de Cambre se realmente quizais eles non tiñan a idea de que nun proceso que dura máis de tres anos as cartas que chegaron no mes de setembro non ían comezar a chegar ata o mes de marzo ou abril. Porque comezan o proceso no ano 2011 e ven que iso ía para longo, porque é un proceso realmente arduo e caótico administrativamente, de feito, nos concellos que comezaron este proceso no ano 2011 establecéronse tres lotes, e a moitos deles aínda non comezaron a chegarlles as cartas. A Cambre e Carral, si, a outros, non. Ben puidera ser que se achegaran ao mes de marzo, de abril, de maio, cando son, oh casualidade, as eleccións municipais, e as cartas aínda non chegaran. Cre que esa era a estratexia do Sr. Rivas.

Di que el tamén pode poñer unha gravata e falar con estilo decimonónico, e aparentar ser o máis honrado do pobo, outra cousa é que o sexa, e non di que o Sr. alcalde non o sexa, pero si que di que neste caso mentiulle aos veciños de Cambre. É inexplicable, dende calquera punto de vista, que un alcalde comece un proceso de actualización catastral e estea calado durante tres anos.

Conclúe pedíndolle, simplemente, e remata xa, que responda ás súas preguntas. Por que non o fixo público, por que non llo dixo absolutamente a ninguén. Pídelle que teña a decencia mínima de dar por unha vez a cara.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, manifesta que a pesar de que as medidas que se teñen tomado na revisión catastral son legais, imaxina que non é bo momento para facelo. Cre que a situación económica non é a mellor para levar este proceso a cabo, pero tamén é verdade que nalgún momento, xa que dende o ano 99 non se tiña levado a cabo, nalgún momento ía ter que facerse.

O que si lle pode achacar ao Goberno municipal é que dende o ano 2011 non se lles comunicara ao resto de grupos da oposición, por exemplo nunha xunta de voceiros, que se ía levar a cabo esta revisión catastral, incluso os podía ter feito cómplices, partícipes desa revisión catastral.

Tamén cre que o bo vai supoñer que a actualización de moitos inmobles que non estaban dados de alta, e que non estaban pagando nada ata o día de hoxe, si van pagar, e el cre que iso si é bo. Imaxina que ninguén dos que está aquí queren pagar máis IBI, pero si queren que os que non están pagando polas súas edificacións, paguen, como pagan todos. Ademais, cre que iso é un beneficio para o pobo, porque despois eses impostos van reverter, porque despois queren Servizos Sociais e unha boa educación, e unhas boas pistas deportivas, e unhas boas estradas, pero claro, todo iso ten que facerse con diñeiro e que os veciños paguen os impostos, os que teñan que pagar, o xusto. Que tampouco paguen máis do que teñan que pagar, o xusto, pero si que paguen todos os que teñen que pagar.

Dito isto, el non vén aquí nin a buscar votos, nin vén facer política, nin vén facer demagogia tampouco. El cre que aquí hai que ser consecuente, e o que non pode esta Corporación é comprometerse a eliminar unha ponencia de valores que está feita. Esta Corporación iso non o pode facer. Están aquí os veciños, e el imaxina que os veciños estarán aquí, non para ver como se pelexan as diferentes forzas políticas, imaxina que están aquí porque están preocupados porque lles poidan subir o IBI ou non, e iso si que depende desta Corporación, depende deles, que traballen xuntos en prol dos veciños, e que entre todos fagan hoxe ese compromiso de que o IBI non lles vai subir aos veciños.

Pide a palabra don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, e o Sr. alcalde indícalle que son dúas intervencións do seu grupo. El vailles permitir intervir a todos, pero isto é unha primeira rolda e haberá unha segunda rolda, e despois marcharán todos, despois de votar a moción.

Ante a reiterada petición para intervir do voceiro de EU, o Sr. alcalde dille que teñen que seguir o método. Interveu a súa compañeira polo grupo de EU, todos interviron unha vez, agora tócalle a el, e despois os grupos terán a palabra outra vez.

Así pois, o Sr. alcalde expón que quere responder a un montón de cousas que se dixeron aquí. El xamais insultou a ninguén, pero ben, aquí parece ser que se chega ata o insulto, pero dálle igual, quere responder.

Dille ao Sr. García Patiño que aquí viñeron falar do Catastro e el sacou polo medio o Plan xeral, porque xa sabe que faltan 6 ou 7 meses para as eleccións, e están preocupados, é normal. Di que ao único que lle prexudica esta ponencia de valores é a el como alcalde, que se está enfrontando a eles e non fai como fixeron os gobernos anteriores, que meteron a ponencia de valores 16 anos nun caixón e non se enfrontaron aos veciños dicíndolles a verdade. Esa é a realidade. E o Sr. García Patiño fálalle do Plan xeral, e el pregúntalle que lle ten que falar do Plan xeral. El cando chegou aquí atopouse unha empresa contratada, e tivo que tragala, pero dille que o Plan xeral xa está aquí e que pronto o terán para analízalo, en canto os técnicos terminen o seu traballo, que será moi pronto. E di que volverá a enfrontarse a outro

problema, con todos os veciños, pero el non veu aquí a iso, a enfrontarse cos veciños, senón a facer o seu labor de xestor, para iso lle pagan, e lle pagan os veciños.

Queren que lles responda ás preguntas, el respóndelles. Pregúntalle ao Sr. Carballada se queren que lles diga o que dicía o voceiro do BNG no pleno do ano 2004.

Don Daniel Carballada Rodríguez contesta que pode dicirillo, por suposto que si, pero el dille, a título indicativo, que a ese concelleiro o botaron por tráfuga, por desvergonzado e por cara. Xa non está no Bloque ese señor, pode collelo no PP se quere.

O Sr. alcalde continúa dicindo, contestándolle á pregunta, que el está de acordo coa Sra. concelleira de EU, totalmente de acordo, e máis co resto dos grupos. Hai moitas ordenanzas fiscais que hai que tocar neste concello, non só ao do IBI, pero el deixa unha pregunta no aire, porque aquí fixéronse moitas comparacións co Concello de Culleredo, o de Oleiros, ou o de Carral, pero pregunta por que non lle din a verdade aos veciños. O Concello de Culleredo fixo unha ponencia parcial, unha ponencia parcial con todas as urbanizacións que fixo novas, e esas ten que dalas de alta, pero en Cambre non hai tal.

En Cambre, a ponencia do ano 98 fixo un concello totalmente homoxéneo. Daba igual vivir en Cambre, que na Barcala, que no Temple, que en Sta. M^a de Vigo se houbera pisos. Daba exactamente igual. Esta ponencia de valores o que vén a corrixir é precisamente esa desigualdade. Tamén na anterior ponencia de valores se fixo o seguinte, en previsión do crecemento de Cambre, os terreos rústicos os declararon urbanizables, porque podían facer urbanizacións por aquí, por aí e por alá. E resulta que a Lei do solo xa impide iso, polo tanto, todos os terreos rústicos pasan de urbanizables a rústicos e pagan como rústicos, se é que pagan, porque a maioría pagarán 7 ou 9 euros. Iso o corrixe tamén a ponencia de valores.

Continúa dicindo que a Sra. concelleira de EU díxolle que era unha casualidade que a carta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dirixida ao Sr. alcalde tardara dende o día 14 de maio ata o 27, cando as outras tardaron tres días. El dille que esa carta ten un selo do rexistro de entrada do concello. Pregúntalle se o que quere dicir é que el tamén manipula o rexistro de entrada.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que non dixo iso, dixo que a gardara.

O Sr. alcalde dille que non, que o que fixo foi preguntar como outras tardaban tres días e esta tardou trece. El non está en Correos, que quere que lle diga. Nin manipula Correos nin manipula rexistro de entrada. Non os manipula. Non o pode explicar, pero o escrito ten o selo de saída do día 14 e o selo de entrada no concello, que llo poñen no rexistro.

Pregunta se é que lle entregaron a el a carta persoalmente, gardouna no caixón e despois a pasou por rexistro. Se é iso, dille que a invita a denunciálo. Invítala a que o denuncie.

Dona M^a Olga Santos López dille que sabe que non pode.

O Sr. alcalde responde que si pode, e que se non é así, que non o diga.

Ante as palabras de don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, que lle di á Sra. concelleira que entón non o diga, o Sr. alcalde pídelle silencio.

Segue expoñendo que dicía o señor concelleiro do BNG que só puxeron un punto de información en Vila Concepción. Dille que iso é mentira, que dende o primeiro día, o 13 deste mes, hai dous puntos de información, un no concello e outro en Vila Concepción.

Intervén don Daniel Carballada Rodríguez para dicirlle que iso despois de que o Bloque o denunciara publicamente. Que non queira facelo parvo, que foi despois de que o Bloque o denunciara publicamente.

O Sr. alcalde dille que non é certo, e que está deixando quedar mal aos funcionarios.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille que aí están as hemerotecas.

O Sr. alcalde dille que as hemerotecas estarán, pero que todo o mundo sabe aquí que calquera que veu ao concello co seu recibo houbo un técnico que lle daba información e que llo explicaba. Dende o día 13 de outubro.

Dille que vale, que como o Sr. Carballada lle di, el fai falcatuadas, pero agora, para non alongar máis a reunión, el si o ten claro, e está de acordo en facer a revisión de todas as ordenanzas fiscais. Pregúntalles polos demais concellos que teñen na bisbarra e que saben que están precisamente facendo a ponencia, el pregúntalles que pasaría se non se tivera feito este ano, e para el é o peor, porque tense que enfrontar aos veciños, e o que lles teñen vendido todos é que lles vai subir o recibo da contribución. Pregúntalles cando é o momento, no 2018, no 2019, no 2023, porque agora levan 16 anos, pero se isto o alongan ata o 2023, 25 anos despois, a ver como xustifican os valores.

Don Daniel Carballada Rodríguez intervén para dicir que unha vez aprobado o Plan xeral, cunha ponencia de valores axeitada.

O Sr. alcalde lémbrale que el respectou a súa quenda de palabra fidedignamente, non o interrompeu nin un só momento, e pídelle por favor que o respecte.

O concelleiro do BNG sabe perfectamente que concellos como o de Sada, que efectivamente ten a ponencia do ano 94, están precisamente coa ponencia de valores, igual que a fixo Cambre. Que tardan máis ou menos, ao mellor é que algúns a dilatan máis para non enfrontarse a este problema. Pero un concello limítrofe, que toca con eles na Mota, e xa o dixo antes, gobernado polo Partido Socialista, fixo a ponencia de valores no ano 2013 exactamente cos mesmos valores que ten Cambre, e calquera que o poida ver, entra en internet, pon Concello de Bergondo, ponencia de valores, e aí sáenlle os valores, en Bergondo igual que en Cambre.

Alguén falou aquí dos informes. El non sabe como se fai un informe de valores, porque aquí non está a Comisión. A propia ponencia di cal é a comisión, como se fai isto, como se conseguen os datos dos rexistradores da propiedade, como se conseguen dos notarios, as transaccións comerciais que se fan, todo iso inflúe na ponencia de valores. Pregunta que ten que facer o concello. Os técnicos do concello, que son o arquitecto e o enxeñeiro, e os que poden valorar ese tema, loxicamente analizan eses datos, e eles fan dúas alegacións á ponencia de valores, que lles admitiron. A que non lles admitiron foi, loxicamente, os valores que se lle asignan ao solo e máis a construción, iso non o admitiron.

En canto ao informe, o arquitecto municipal colleu a ponencia, estudouna, fixo as alegacións correspondentes, e tirou para adiante e asinou. Asinou que a ponencia de valores estaba correcta.

Se queren, el lémbrales algunhas das ponencias de valores do ano 98. Describían os servizos técnicos, asinado polo arquitecto técnico municipal, que en relación co expediente con rexistro de entrada 2189/96, contendo a documentación da ponencia de valores deste termo municipal, e a teor do disposto no artigo 83.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, infórmase que o citado documento componse de dúas partes, memoria e planos. A primeira está dividida en seis alíneas, a través das cales se describe, analiza e concreta a valoración do ámbito inmobiliario do termo municipal. A parte gráfica a forman sete planos, tres a escala 1:2000, abarcando os núcleos do Temple e Cambre e o ámbito lindeiro coa estrada que os une, e outros catro a escala 1:5000. En consecuencia, a documentación parece suficiente para o fin pretendido e os argumentos empregados para a fixación de criterios, coherente co sistema territorial do municipio.

Ese é todo o informe que hai sobre isto no ano 98.

Don Daniel Carballada Rodríguez pídelo que lea o desta ponencia.

O Sr. alcalde dille que claro que llo le, naturalmente, e que aquí están as alegacións. Ante as palabras do Sr. concelleiro dille que el non é o técnico municipal, é o alcalde e el non sabe como hai que informar estas cousas, para iso están os técnicos e cobran. Ao mellor o Sr. Carballada ten máis carreira que todos eles e pode informar de diferente forma.

Continúa dicindo que despois de ter feito o arquitecto municipal as alegacións correspondentes, que son dúas, e que as teñen os grupos, xa que se lles fixo chegar, esas dúas alegacións foron tidas en conta. E agora lles le o informe, que non ten que dicir máis que, unha vez analizada a ponencia de valores do municipio, elaborada pola Xerencia Rexional do Catastro de Galicia, tense comprobado a súa adecuación ás Normas subsidiarias do planeamento municipal, normativa urbanística vixente a día de hoxe neste concello. Iso é o que informa o arquitecto municipal, xefe de sección.

O Sr. Carballada pide a palabra.

O Sr. alcalde pídelles que agarde, que o deixe acabar, que non llo permite porque está no uso da palabra. Dílle que el respectouno. Continúa dicindo que despois, loxicamente, referenda a sinatura do arquitecto a concelleira de Urbanismo, dona Rocío Vila, con todo o municipio de Cambre os tipos aplicados en rústico e tal.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que ela non está capacitada legalmente.

O Sr. alcalde dílle que iso o di el, pero que saiba que os informes son preceptivos, pero que non son vinculantes, é dicir, o Catastro pode facer o que lle dea a gana, practicamente.

Don Daniel Carballada Rodríguez sinala que é decisión do Sr. alcalde, non da concelleira delegada neste caso.

O Sr. alcalde volve insistir en que non o interrompa, dílle que colla nota e que o deixe terminar, e que eles queren que lles responda ás preguntas. Respecto do tema da fiscalidade, naturalmente que está con eles en que hai que revisar todas as ordenanzas fiscais do municipio, todas. Igual que o Goberno, a oposición sabe que ao vindeiro pleno traerán unha ordenanza fiscal para os caixeiros, que trouxo a oposición, e parécelle moi ben, para subir aos caixeiros na rúa pública, aos bancos.

Pero o que lles trae aquí é o Catastro, e pregunta á oposición porque non din a verdade. É fácil, o tipo de Cambre é do 0,65%. Tres anos pagando unha sanción, unha multa, chámelle como queira, unha taxa por riba do 10%. A valoración catastral, se un piso valía 30.000 euros, o primeiro ano, o 2015, vale 33, que é o 10% de subida nese ano. Se lle sacan o 10% da taxa o recibo vai quedar igual no ano 2015. Pregunta se están de acordo.

Don Daniel Carballada Rodríguez pregúntalle que pasa ao cabo de oito anos.

O Sr. alcalde pide que lle deixe acabar. No ano 2016 será esta Corporación municipal a que poida seguir baixando o tipo, como fixeron noutros concellos, é así de claro. E o recibo dos veciños, incluído o seu que vive en Cambre, baixará. Baixará ou permanecerá igual no ano 2015. Pídelles que non digan que non.

Respecto do tema da vivenda, saben perfectamente que a primeira vivenda non computa no IRPF. Pregunta se de acordo, e no tema das bolsas de estudo, etc., a vivenda habitual tampouco computa.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que para o Ministerio de Educación, si.

O Sr. alcalde di que ningunha.

O concelleiro do BNG dílle que está na páxina web do Catastro.

O Sr. alcalde di que lles dá datos se queren, pero que a primeira vivenda non computa. Computa cando un señor ten tres vivendas, ou dúas.

Volve preguntarlle ao Sr. Carballada por que o interrompe, pregúntalle se el se mete con el, e pídelles que deixen de interrompelo.

Continúa dicindo que se un señor ten unha casa, onde queira, no Concello de Cambre, e despois ten outra vivenda noutro sitio, ten dúas vivendas, ben, que lle neguen unha bolsa, todo depende tamén do valor. Porque vaille ler que a suma dos valores catastrais dos terreos urbanos que pertencen aos membros computables da familia, excluída a vivenda habitual, non poderá superar os 42.900 euros. Están falando dos valores catastrais de todo, dos terreos urbanos. En caso de inmobles cuxa data de efecto da última revisión catastral estivera comprendida entre o 1 de xaneiro de 1990 e o 31 de decembro de 2002, multiplicaranse os valores catastrais por 0,49. No caso de que a data da revisión mencionada fora posterior ao 31 de decembro do 2002, os valores catastrais multiplicaríanse polos seguintes coeficientes: 2003, 0,43; 2004, 0,37; 2005, 0,30; 2006, 0,26; 2007, 0,25; e así sucesivamente. É dicir, a ponencia de valores, non facela, cara a obtención dunha bolsa os penaliza. Se a teñen feita multiplícanlles por un coeficiente distinto. É máis, nos inmobles enclavados na Comunidade Foral de Navarra o valor catastral multiplicarase en todo caso polo 0,50, que non vén ao caso.

Esa é a realidade en canto ás bolsas. Que hai outros impostos, si, de transmisións patrimoniais, naturalmente que lles pode influír, pero tamén teñen competencia os concellos para baixar eses tipos. Iso é o que el propón, digan o que eles digan, iso é o que el ten proposto.

Xa o dixo en prensa dende o primeiro día. Que traería a pleno, nos primeiros meses do ano 2015, unha rebaixa impositiva para aplicar no ano 2016. E díxollo a todos os veciños en todas as parroquias que visitou, que foron trece, ou mellor dito, doce máis unha, que fixo dúas veces. Conclúe dicindo que esa é a realidade.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que parece que viven nos mundos de Yupi e que os seus compañeiros do grupo socialista, UxC, EU e BNG se teñen botado aí tres semanas tirados e falando cos veciños e estudando este sistema, pois parece que para nada, pero en fin.

Dille que xa el lles ten escoitado en máis dunha ocasión que lles gusta propoñer solucións, e a solución que hoxe propoñen nesta moción, a petición que hoxe fan nesta moción evidentemente é unha petición que podería solucionar, se o Sr. alcalde e o Goberno municipal a aceptara, a situación na que se atopan. Porque o Sr. alcalde, unha vez máis, redundando no tema do IBI. Xa quedou claro, e agora mesmo o acaba de recoñecer el mesmo, que as afectacións a outro tipo de impostos ou a outro tipo de prestacións sociais están aí, e veñen como consecuencia do valor catastral que se ten fixado con base nuns criterios recollidos na ponencia de valores. A nai do cordeiro, o que lles causa todos os problemas presentes e dende logo futuros, é a ponencia de valores e é o que teñen que buscar a forma de cargarse, de anulalo.

Fálase, o ten manifestado o Sr. alcalde na súa intervención, que non se pode anular a ponencia de valores. Non é certo, e vaillo fundamentar. Non están falando de memoria, non lle están dicindo que vaia á Dirección Xeral do Catastro, a tirarlle das orellas ao director xeral e que lle diga que o llo arranxan ou se vai do PP, por exemplo.

Non están falando diso. Están falando de que nun sucinto estudo da pouca información que se lles ten facilitado respecto do proceso de como se ten levado no Concello de Cambre, por parte do Goberno municipal, o estudo e valoración desa ponencia de valores, teñen detectado unha serie de erros que poden dar lugar á solicitude dun procedemento de revisión por ser un acto nulo de pleno dereito, e iso con base no artigo 217 da Lei xeral tributaria.

Dille que ao Goberno téñenlle que ter dado traslado, por parte do Catastro, dun documento no que se establecen os resultados da valoración provisional masiva obtidos da aplicación da ponencia nova, da ponencia en elaboración, respecto dos valores catastrais novos, a bases liquidables e incluso a resumo de usos. Ese documento é o que tiña que ser estudado en profundidade, para ver en que forma afectaba aos propietarios de vivendas ese incremento de valores catastrais.

Non teñen coñecemento de que se teña informado tecnicamente ese documento e, polo tanto, podería ser unha causa de nulidade. Entre outras cousas por esa circular que antes lle comentou, e perdón aos que lles acompañan neste pleno por ser un tanto técnico nun tema como este, pero é que o compoñente técnico deste problema é moi serio, é moi importante, e hai que falar con fundamento e hai que falar con disposicións legais, que é o que ao final lles vai permitir, se chegan a bo porto con todo isto, anular esa ponencia de valores, que é o que todos os grupos da oposición pretenden polos efectos que ten cara aos veciños.

Di a circular que como regra xeral considéranse insuficientes os informes nos que só se faga referencia ao feito de que a ponencia se axusta ao planeamento urbanístico, ou os que dalgún modo permiten albergar dúbidas razoables. Referíndose ao planeamento urbanístico, o único informe que se ten realizado sobre ese documento de ponencia de valores, o borrador de ponencia de valores, é un informe realizado polo arquitecto que o Sr. alcalde leu. En tres liñas dicía que a ponencia de valores se adecuaba á normativa urbanística, nada se recolle respecto dese documento do que lle deron traslado ao concello sobre os resultados da valoración provisional masiva. Iso non o viron por ningún lado, e descoñecen se existe ese documento, porque non se lles deu traslado. Se existe, dende logo, a formulación sería unha, pero se non existe entenden que sería un argumento para pedir a nulidade dese procedemento.

En segundo lugar, consideran que a Sra. concelleira non era a persoa competente no Goberno municipal para asinar ese documento, ese informe favorable, tendo en conta que actuando coa delegación xenérica que o Sr. alcalde lle outorgou ao comezo da lexislatura, non podería informar favorablemente, ou resolver favorablemente, como fixo, a ponencia de valores que se puxo a disposición do Goberno municipal, porque entenden que ese informe do que se di que será informado polo concello, cando hai unha referencia tan xenérica ao concello, a teor do artigo 21.1 s) da Lei de bases de réxime local, esa competencia correspóndelle directamente ao alcalde, e o alcalde, ao ser unha competencia residual, non ten feito unha delegación expresa dela para este tema en concreto. Di que non sabe se se explica, pero son argumentos que se poden utilizar, se hai vontade para iso, para dirixirse á Dirección Xeral de Catastro e dicirlles que cometeron eses erros e ver se poden anular o proceso.

Ademais, ese proceso de anulación pode incoalo de oficio o propio órgano que emitiu o acto, a propia Dirección Xeral de Catastro. Hai argumentos para poder facer presión, ou polo menos argumentos xurídicos e feitos certos que podían dar lugar a que por parte da Dirección Xeral de Catastro se abordara a revisión de oficio desa ponencia de valores. E iso é ao que lle están animando, a que se resolva isto.

Hai argumentos, por iso piden nesta moción esa anulación da ponencia de valores, o que falta é a vontade por parte do concello, co apoio evidentemente das pretensións e do resto dos grupos, para propoñer á Dirección Xeral de Catastro a nulidade do procedemento.

Conclúe pedindo que se estude e que se faga, e di que hai antecedentes de concellos que en situacións similares teñen posto en marcha o procedemento para a revisión de oficio dese acto, das ponencias de valores que no seu momento resultaron nulos. E iso é o que aquí queda claro, entenden que as pretensións que se formulan na moción, son perfectamente lexítimas, axústanse á dereito e, dende logo, entenden que se poden poñer en marcha se hai vontade por parte do Goberno.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que volve repetirle ao Sr. alcalde que se equivocou, non informou aos veciños, non dan marcha atrás. A oposición informou aos veciños do que estaba ocorrendo e obrigou ao Sr. alcalde a saír á rúa a darlle explicacións aos veciños, cando tiña que telo feito no 2011, non no 2014.

Dinlles que non fan o seu traballo, por non ler o *Boletín Oficial da Provincia*. Dille que el dedícase a vender verniz, e sabe moito de verniz, e ocúpalle moito tempo vender verniz, e ademais entende moito de verniz, pero dende logo non ten moito tempo para estar lendo o *Boletín Oficial da Provincia*. O Sr. alcalde é o que debería, como veciño, xa non di como político, nin como alcalde, como veciño, informar de algo tan importante aos veciños de Cambre. Simplemente lle pide que os considere veciños, que non os considere de UxC, nin políticos, pide que os considere veciños. Debería ter informado aos veciños do que estaba facendo.

Tamén lle pide que non fale de transparencia tres anos despois, obrigado ademais pola oposición. Eles é verdade que cren que hai que facer unha revisión catastral, por suposto que o cren, pero sempre o dixeron e o mantiveron, poden agardar a que se finalice o Plan xeral e facer unha revisión como Deus manda. E se o Sr. alcalde tiña moita présa e quería recadar, podía ter feito unha revisión parcial, que estaba nas súas mans tamén poder facela, e non o fixo.

Di o Sr. alcalde que o único ao que prexudica isto é a el, que ten que dar a cara, son as súas palabras. Dille que vai no seu soldo dar a cara. Aos demais vailles ao peto, ao Sr. alcalde só lle molesta porque ten que dar a cara, pero a eles moléstalles porque lles vai ao peto, e porque ademais lles minte.

Díxolle tamén o Sr. alcalde que el citou o Plan xeral, e el dille que dende o 2011 vén informando, vén preguntando, vén facendo mocións, o seu grupo, e outros grupos tamén, por suposto, sobre o tema do Plan xeral, porque realmente entenden que é vital para o desenvolvemento do concello, claro que si. Dixo o alcalde que a el veulle

imposto, e non, é verdade que estaba contratado antes, pero o Sr. alcalde podía ter rescindido o contrato, como fixo con outras cousas, ou como anunciou na prensa, onde anunciou que llo ía rescindir, e aos dous días dixo que non, e deulle á empresa cinco meses máis para facelo. O mesmo Sr. alcalde o dixo, dille que non diga que non, que non lle minta, iso si que non.

Tamén lle dixo á concelleira de EU que podía denunciálo, ela contestoulle que non podía, e o Sr. Felipe Andreu interveu dicindo pois que non o faga. Dille ao voceiro popular que el tamén puido non denunciálo a el, ante a Fiscalía, para sacar unha foto, pola contra, non saíu no mes de outubro cando a Fiscalía arquivou o caso porque o Goberno non lle facilitou a documentación que pedían, porque non a había. Pídelle que non faga o que el mesmo fixo con outros que están aquí.

Continúa dicindo que tamén dixo o Sr. alcalde que noutros concellos están coa ponencia, e claro que outros concellos están coa ponencia, outra cousa é o resultado e que o seu alcalde defenda os intereses dos veciños por riba dos intereses do seu partido, que son dúas cousas moi distintas, claro que si.

En canto a como se fai a valoración, o Sr. alcalde veu darlles unha clase de como se fai, e dixo que o Concello de Cambre fixo dúas alegacións. El preguntalle por que, a UxC polo menos, non se lles facilitou. Di que ten o correo coa documentación e o que di na páxina 11 é que o arquitecto dixo que hai unhas discrepancias respecto do que di o Catastro, non di alegación, ollo. Na páxina 11 da documentación que o Sr. alcalde lles enviou. Na páxina 13, o Catastro di que ten que aprobar a ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno. O Sr. alcalde falaba de que podía rebaixar o IBI, el xa lle dixo que non, o propio Catastro, na páxina 13 da documentación que lles remitiu, é o que lles está dicindo. E na páxina 15 o arquitecto municipal, unha vez corrixidos os erros que cometeu o Catastro, di que moi ben, que adiante.

A eles non se lles ten entregado ningunha da documentación que o Sr. alcalde acaba de dicir, ningunha alegación. Non sabe se ao resto dos partidos si, a eles, non. Pídelle que non veña aquí, diante dos veciños, a dicirlles que lles entregou documentación, que non o fixo. A UxC, non. Non lle vai pedir que o demostre, porque está acostumado a pedirullo e o Sr. alcalde acostumado a non facelo, polo tanto, non lle vai dicir que o demostre, porque sabe que non o vai facer. Oxalá que o faga, e que mañá lle diga aquí ten o correo que se lle enviou con toda a documentación, e coas alegacións. Pedíralle desculpas publicamente, dille que non o dubide.

Para terminar, di que lle acaban de dar motivos máis que suficientes para que apoie a moción que traen aquí. O Sr. alcalde ten os argumentos, falta a vontade. Pídenlle como veciños que teña a vontade de apoiar aos veciños e veciñas de Cambre, en defender os seus intereses. Por favor, pídelle que vote a prol desta moción.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que agora lle dá a palabra ao Sr. Taibo, pero que se lle permiten vai contestarlle ao Sr. García Patiño. Di que a el gustaríalle saber se efectivamente eses documentos tampouco lle chegaron aos demais grupos, asinados pola concelleira de Urbanismo. Gustaríalle sabelo porque entón será el quen o chame mentireiro.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que iso que teñen non é unha alegación.

O Sr. alcalde contéstalle que si, e pregunta a que lle chama o voceiro de UxC alegación. Pregúntalle se el lle vai ensinar agora á concelleira de Urbanismo se é alegación ou se é discrepancia, ou que é. Dille que pretende enrolalo nas súas palabras, xa está acostumado a iso, e o Sr. García Patiño terxiversa as súas palabras, porque el non dixo iso de que ten que saír a rúa. Dille que el sae moitas veces á rúa, e vai ás asociacións, moitas veces, e fala cos veciños na rúa e vai aos sitios. Reitera que o voceiro de UxC dixo que el dixerá que tiña que saír á rúa. Dille que faltaría máis, naturalmente que sae.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que non dixo iso.

O Sr. alcalde responde que entón ao mellor é que el está mal do oído hoxe. É posible.

Don Óscar Alfonso García Patiño sinala que o que dixo é que ten que dar a cara.

O Sr. alcalde contesta que naturalmente que a ten que dar, como a ten que dar sempre, para iso é o responsable. Sempre dá a cara. Pero tamén é verdade que así como os veciños veñen a el a preguntarlle cousas, o Sr. concelleiro, non, e particularmente o Sr. García Patiño, nunca. E el é o alcalde, para o voceiro de UxC e para todos os demais, por moito que lle pese. O Sr. voceiro o que pretende é que el vaia á súa casa a darlle a documentación, dille que está el arranxado, que lle perdoe, pero non.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que á súa casa non vai ir.

O Sr. alcalde dille que á súa casa, non, grazas a Deus.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que a el chamoulle enormemente a atención, que o Sr. alcalde incida na legalidade. Xa os seus compañeiros lle reprocharon varios temas que non cumpre, pero o Sr. alcalde fixo moita incidencia e con moita vehemencia nos anos que levan en Cambre sen facer unha revisión catastral. A el gustaría lle, de verdade, que o Sr. alcalde fora igual de vehemente para outras cuestións importantísimas neste concello e que o grupo municipal de EU lea denunciando ao longo desta lexislatura, e da anterior tamén, como son, e algunhas viñan estes días nos medios de comunicación, o deixamento de contratar os servizos de mantemento eléctrico, os servizos de auga e rede de sumidoiros, os servizos de mantemento de parques e xardíns, esas cousas que tamén levan máis de 10 anos caducadas. E el non sabe que interese pode ter este Goberno en non contratar esas cuestións, pero o Sr. alcalde será responsable ao finalizar esta lexislatura, porque antes non cre que o vaia facer, de cometer unha ilegalidade, el e máis o seu Goberno. Andan sempre de puntillas cando eles lles preguntan porque non se contratan eses servizos, servizos que valen millóns de euros.

A el non lle estrañaría, de verdade, que un día apareza aquí un montón de Gardas civís e que veñan revisar expedientes, de verdade, sinceramente non lle estrañaría, porque con menos delito foron a outros concellos, e isto canta e chama moitísimo a atención. Estase remitindo aos informes en contra do señor interventor nos

consecutivos orzamentos de todos os anos, na Comisión Especial de Contas. Por iso lle di ao Sr. alcalde, que fala de legalidade, que isto é unha ilegalidade manifesta.

Respecto do tema que lles ocupa, dille unha cousa, que xa basta de historias. Como dicía o compañeiro Óscar, pídelles que apoie a moción, e o resto das ordenanzas xa tocarán o próximo xoves, e falarán de todas en conxunto, non como dicía o Goberno na súa emenda da ordenanza do IBI nada máis. Como o propio alcalde dixo antes, isto inflúe a moitísimos aspectos máis. Iso é o que piden eles.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que el cre que o explicou bastantes veces, incluso neste pleno. O Sr. Taibo sábeo perfectamente, porque os concelleiros veñen ao concello queiran ou non e saben perfectamente que eses tres, tanto o servizo da auga, eléctricos e parques e xardíns, están no departamento de Contratación para contratar.

Pide que lle diga aos veciños cantos funcionarios teñen en Contratación, e sabe que os pregos están todos en Contratación. O que non lle vai permitir é dicir que veña aquí a Garda Civil porque el se puido apropiarse dun só euro neste concello. Non llo vai permitir.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que el non dixo iso.

O Sr. alcalde dille que o insinuou, que ás veces insinuar as verdades é peor que dicilas. Iso non llo vai permitir baixo ningún concepto, baixo ningún.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás rógalle que chame a atención a unha persoa que constantemente en todos os plenos interrompe o labor da oposición. Rógalle que lle chame a atención, porque ata aquí chegaron. Unha persoa que está no público que intervéen constantemente, e o Sr. alcalde sabe perfectamente a quen se está referindo.

O Sr. alcalde pídelles que non siga, que el chámalle a atención, por favor, a todas as persoas que están interrompendo este pleno. Por favor, roga silencio. Pero dille ao Sr. Taibo que estaban noutra cuestión. Eles hai moitos anos que se coñecen, moitos, como persoas, pero non lle permite que insinúe que se pode estar aproveitando dun financiamento irregular. As insinuacións moitas veces déixanse caer facilmente.

Don Luis Miguel Taibo Casás pídelles que non poña na súa boca algo que non dixo, e vaille dicir unha cousa, o Sr. alcalde o acaba de dicir, levan moitísimos anos, posiblemente eles dous sexan as persoas desta Corporación que máis tempo levan coñecéndose, e para nada el dixo que o Sr. alcalde intentara apropiarse dun só euro desta Corporación e deste concello, pero non quere dicir que non se faga unha investigación, non quere dicir iso. Polo que sexa.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez pide desculpas por se nalgún momento a súa veledade traspasou os límites do preceptivo nun pleno como este, sinceramente llo di.

Procurando responderlle de maneira pausada e sosegada, el dille, e dille ao Pleno da Corporación, que os valores catastrais son utilizados para determinar a capacidade económica en procesos de concesión de diversas axudas públicas, tales como acceso á vivenda protexida, bolsas de estudo, axudas de comedores sociais, acceso a residencias para a terceira idade, ou enfermos de longa duración. Di que iso é o que di o Catastro. O Sr. alcalde di, a día de hoxe, outubro de 2014, que a primeira vivenda non computa. El non sabe se ás veces determinada xente pensa que todo o mundo é pobre e afortunadamente non é así, hai moita xente que non ten ningunha propiedade, hai xente que ten unicamente unha vivenda, e hai xente que ten máis dunha vivenda e máis dunha propiedade inmobiliaria, e en Cambre, que é un concello cunha importante extensión rural, iso dáse de maneira moi habitual e moitos deses bens inmobles o día de mañá moi posiblemente pasen a ser urbanos, e loxicamente si computan.

Pero, ademais, eles se algo teñen claro nun proceso de actualización catastral, porque así o di a Dirección Xeral do Catastro, é que os valores catastrais son durante o tempo en que permanece en vigor esa ponencia de valores, inamovibles e inalterables. Unha vez alguén ten unha propiedade que vale 50.000, ese valor é total e absolutamente inamovible e inalterable ata que se realice, ao cabo de cinco ou dez anos, unha nova valoración catastral.

O que non son nin inamovibles nin inalterables son as normas que ditan dende Madrid, ou as normas que ditan dende Santiago, e moitas veces, e é lóxico, eles ata poden defendelo dende un punto de vista dunha forza de esquerdas e progresista, é lóxico que á hora de dar servizos públicos, as administracións queiran saber ata o último céntimo que teñen, e vaian aos valores catastrais, claro que si. Eles non están en contra diso, o que están en contra é de que como consecuencia derivada dun proceso mal formulado, mal levado e peor resolto, moitos dos veciños e veciñas de Cambre, da noite a mañá, pasen a ser o dobre de ricos en canto a propiedades inmobiliarias a ollos da administración. Neste caso tanto da administración autonómica como estatal.

Falaba o Sr. alcalde doutra serie de cuestións que eles tampouco poden deixar de responder. El convidouno a que lera o informe do arquitecto técnico relativo a esta actualización de valores catastrais, e el ve que teñen unha facilidade abraiante para cargarlle o morto, e nunca mellor dito, porque se o funcionario está morto entón xa leva todas, pero para cargarlle o morto ao funcionario que toque, e derivar non se sabe que responsabilidade, cara ao funcionario que ten que emitir un informe.

El si falou co arquitecto, ou mellor dito, falou o funcionario con el casualmente, dunha maneira moi amable e moi atenta, e explicoulle perfectamente o contido do seu informe. Díxolle que a el presentáronlle unha serie de documentación, conforme a unha serie de criterios, e el, como técnico, limitouse a expresar que tecnicamente a documentación que se presentaba axustábase a dereito e á normativa, e ao que comunmente se establece como preceptivo para ese tipo de procesos.

O paso seguinte é a política. O paso seguinte é o papel que ten que asumir quen efectivamente é alcalde de Cambre, de ditaminar, de ver, de percibir, de discernir se iso é bo ou é malo para o Concello de Cambre. Porque se repasan o proceso que regula a actualización de valores catastrais, verán que hai un momento onde efectivamente, sen ter que render contas ante absolutamente ninguén, o Concello de

Cambre, que é quen inicia o proceso, pode deixalo morrer. E o Sr. alcalde non o fixo, explicoullo moi ben o voceiro do grupo socialista, máxime cando os informes ben puideran ser tidos por insuficientes xa que só se refiren a súa parte técnica.

Aquí falouse de rondón do Plan xeral, el non quere entrar no Plan xeral, pero dalgunha maneira os está obrigando. O BNG, e cre que non foron a única forza política, e dinllo aquí de maneira pública e coa cabeza moi alta, entenderon que el gobernaba Cambre, dende logo non o goberna cos seus votos, goberna coa súa oposición, pero é alcalde de Cambre, iso non llo discute ningúen, dende xuño do ano 2011. E cando houbo un problema, un problema gordo con esa UTE que estaba encargada de levar adiante o Plan xeral eles dixéronlle que tiña o apoio plenario do Bloque, o apoio público do BNG, para romper o contrato con esa empresa.

Por determinadas cuestións o Sr. alcalde non o considerou operativo no exercicio da súa potestade de goberno, pero a oposición, en multitude de temas, de verdade llo di, porque cre honradamente que é certo, non atan ao Goberno municipal de pés e mans, nin moito menos.

Remata xa e simplemente lle di, e quere facer ver diante dos veciños de Cambre, que o que trae a oposición hoxe aquí non é o cabreo, non é o malestar, non son diferenzas persoais, máis aló de determinadas cuestións que nalgún momento efectivamente poden parecer saídas de ton. O que trae hoxe a oposición a este pleno é unha moción fundamentada, perfectamente argumentada, que trata de ver a saída legal a este embrollo, que trata de debuxar unha folla de ruta onde, baseándose en diversos orzamentos con fundamentación xurídica, paralizar ese proceso, paralizar unha ponencia de valores, unha actualización de valores catastrais que entenden que é inxusta. Iso é o que eles pretenden, e esa é a porta que lle están ofrecendo a este Goberno.

Despois haberá que falar do IBI, do recibo da contribución, claro que si, que é un máis dos recibos que teñen que afrontar derivados do valor catastral, pero a principal batalla é intentar botar abaixo unha valoración catastral que entenden inxusta. O Sr. alcalde ten hoxe aquí a posibilidade de fotografarse diante dos veciños de Cambre e intentar unha vía que poña dalgunha maneira remate a este completo e absoluto, ao seu modo de ver, embarullamento.

Por certo, di que el de ningún modo dubida da honorabilidade do Sr. alcalde a nivel persoal, sempre di así medio de broma, cando alguén lle pregunta, que el na súa casa a Rivas compráronlle unha fosa séptica, como alcalde é outro cantar, ten unha opinión loxicamente diferente, pero a nivel persoal de verdade que non, pero os feitos son teimudos. Se o Sr. alcalde actúa de determinada maneira, eles por moito que o coñezan ou por moito que presupoñan, terán loxicamente que comezar a pensar en determinados aspectos mal, da súa xestión política, insiste, non a nivel persoal.

El aspira, polo tanto, a que o PP hoxe dea unha mostra de sensibilidade, de sentido común, da que careceu durante estes tres anos, e dalgunha maneira emprenda un camiño tendente a emendar o realizado. E el, remata xa, aspira a irse hoxe para casa con dúas respostas, unha á pregunta de por que o Sr. alcalde calou durante tres anos, porque segue sen collerlle na cabeza. Non atopa ningún tipo de explicación lóxica a

como un Goberno municipal emprende un proceso desta dimensión, desta magnitude, e o único que lle di á oposición é que tiñan que ter lido o *Boletín Oficial da Provincia* ou o taboleiro de anuncios do concello. Xa non entra tampouco a discutir sobre o punto de información catastral, porque está documentadísimo e perfectamente claro.

E simplemente, remata xa, a el gustaríalle tamén saber, a esta hora da noite, cal é a posición, a sensibilidade, a opinión, o estado de ánimo do seu socio no Goberno o Sr. Marante, sobre este proceso de actualización catastral. Gustaríalle sabelo e gustaríalle que con total cordialidade lle explicara aos veciños de Cambre todo ese tipo de cuestións, non estaría de máis.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López manifesta que non sabe se pode facerlle unha pregunta ao interventor, como a persoa encargada de velar pola estabilidade orzamentaria, porque el cre que os políticos teñen falado bastante e tamén quere a opinión do técnico, quere ver se lle pode contestar cal é a súa opinión sobre a estabilidade orzamentaria do concello se toman os acordos que aquí se propoñen, xa que a ponencia afecta directamente á recadación do concello.

Intervén o Sr. interventor para explicar que a pregunta é se pode orientar un pouco sobre a estabilidade, como afectaría a recadación á estabilidade. El pode darlles se queren datos obxectivos, primeiro se é sincero, e iso é o primeiro que ten que ser como funcionario, é que carece de datos suficientes para contestar a esa pregunta e explica o por que. Actualmente o que lles notificou Catastro foi, polo que saben, que a base imponible global do concello se incrementa nun 91%. Ese é un dato obxectivo, pero a expensas de que están entrando diversos recursos, xa que se está recorrendo á ponencia de valores. A ponencia de valores antes deses recursos e sen tomar en consideración as regularizacións que se fixeron, pola vía de oficio por parte de Catastro incrementaríase a base imponible global nun 91%, repercutido de aquí ao 2023 en 9,1% cada un dos anos.

Eses son datos obxectivos e iso é así. É dicir, incrementaríase o 91% a base imponible global dos valores regulares, repercutiríase orzamentariamente, é dicir, incrementarían 9,1% cada un dos anos da recadación. O ano que vén coincide cunha baixada do 10% do recargo do tipo impositivo, co cal o primeiro ano a baixada quedaría, máis ou menos, nun 0,09 e sería a recadación inferior. Se este ano tiñan orzamentado recadar 3.108.000 euros de concepto de IBI de urbana, o ano que vén baixaría a 3.080.000, ou sexa, sería unha baixada media do recibo dun 0,09, que se recuperaríase no 2016. Iso é o que el ata agora pode garantir como interventor. É dicir, máis aló non pode ir.

O Sr. alcalde pide silencio, porque non se entenden.

Continúa explicando o Sr. interventor que o dato obxectivo que teñen a partir do 2016 é que se seguiría repercutindo a base imponible global, seguiría aumentando un 9,1%, e se lle aplicaríase o tipo que o Pleno acordase en cada un dos exercicios, sempre tendo en conta que calquera recadación, calquera baixada de recadación que supuxera decrementos de recadación levaría consigo unha rebaixa na regra do gasto, é dicir, agora mesmo coa Lei de estabilidade que se aprobou, e coas novas normativas da regra de gasto, calquera decremento para que se mantéña no tempo, levaría consigo

un decremento no gasto municipal obrigatorio. Como tamén calquera suplemento que se mantivera, unha subida de calquera tipo de imposto, si que permitiría levar a cabo aumentos na regra de gasto.

Engade que esa sería a primeira magnitude que se vería afectada. É dicir, o ano que vén si que se podería entender compensada porque se produciu un efecto coas altas que sube o padrón, ou que se rebaixa, diminúese a recadación, e a partir do 2016 quedaría compensado. A partir de aí se non se levan a cabo aumentos de rebaixas no tipo impositivo aumentaríase a regra de gasto, a posibilidade de gastar por parte do concello. Se houbera un equilibrio co tipo impositivo manteríase a regra de gasto en cuestións de IBI, e se levaran a cabo unha rebaixa si que se tería que minorar a regra de gasto. Eses son os datos obxectivos.

Agora non sabe se queren saber cal sería o tipo impositivo que se podería aplicar, non sabe se a pregunta ía por aí.

Don José Antonio Baamonde pregunta se poderían baixalo.

O Sr. interventor contesta que eles agora mesmo dependen de saber cal vai ser a base imponible. Iso é unha regra de tres, terán que saber a base imponible global, coa que contén unha vez se acepten ou non acepten os recursos, cal é a recadación necesaria para o mantemento da regra de gasto, e facendo unha regra de tres saíría o tipo impositivo a aplicar, que podería ser do 0,62, do 0,61, etc., para manterse. Se a vontade da Corporación é baixar, baixaríase por debaixo dese tipo e se queren aumentar a recadación, por riba.

Para baixar o recibo tería que asumirse o risco de que habería unha baixada na regra de gasto. Ou se quixeran baixalo ata o punto en que houbera equilibrio, poderíase deixar a regra de gasto nese caso equilibrada. Logo poderían producirse aumentos na regra de gasto, pois subindo outro tipo de impostos, como é aumentando o ICIO, o que pode ser o IAE, vehículos, o que fora, ou manterse equilibrado.

Ante as manifestacións do público asistente, o Sr. interventor expón que el non dixo que se aumente, di que a regra de gasto se pode aumentar non só con iso, pódese aumentar con outros tributos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que, despois destas intervencións, o que queda é votar esta moción que presentan os catro grupos.

Solicita a palabra don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD.

O Sr. alcalde dálle a palabra, xa que di que, efectivamente, o concelleiro non interveu.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que a verdade é que non tiña pensado intervir, pero xa que pediron que o fixera, vai dar a súa opinión respecto deste tema, moi cortiño, non se vai enrolar aquí media hora dando un discurso.

Di que el leva moitos anos na Corporación, e o que si sabe é que sempre se foron subindo os impostos ao principio das lexislaturas, para enganar aos veciños, e para que cando chegaran a final de lexislatura xa se esqueceran. Iso é o que se foi facendo sempre, aquí e en París. Ao principio das lexislaturas subir os impostos para que os veciños cando chegaran as outras votacións se foran esquecendo. Iso por descontado.

Aquí o que tamén é necesario é facer unha revisión catastral, porque levan 16 anos sen facela, e non poden seguir así.

Cuestión distinta é que agora, esta Corporación na que están, non a que vén, na que están, cumpra co que acaba de dicir o Sr. alcalde ou co que están dicindo todos, de que non lle suban ao peto os impostos aos veciños, e despois a Corporación que veña subiraos ou baixaraos como lle apeteza ao principio da lexislatura. A vindeira Corporación vainos subir ou baixar igual que teñen as mans abertas para facelo agora, que ata agora viñérono subindo, igual que viñérono subindo outras Corporacións tamén. E iso tamén o poden facer as que veñan, que o van subir ou baixar segundo lles pareza. E se os baixan, van facelo ao final da lexislatura, e se os soben, van facelo ao principio, que é o que fan todas as Corporación en todos os lados.

O Sr. alcalde roga silencio aos presentes e dilles que cada un pode libremente manifestar a súa opinión, pero non fai falta chiar, nin escandalizar, nin nada diso.

Conclúe dicindo que aquí tróuxose unha moción presentada polos grupos da oposición, e esa moción toca votala, polo tanto, cada un na súa conciencia ou na súa crenza votará o que crea conveniente.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG. Votan en contra os sete concelleiros do PP e o concelleiro do PGD, e abstense o concelleiro de PdeC.

A Corporación, por doce votos a prol, aprobou a moción declarativa tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

Mª Luisa de la Red Ampudia